

O xornal da Terra de Melide

Nº 78. Xullo 2012. Distribución gratuíta

Medalla de Ouro do concello para os Padres Pasionistas

Un ano despois de vérense obrigados a abandonar o convento no que levaban residindo máis dun século, os Padres Pasionistas volveron a Melide para ser condecorados coa Medalla de Ouro do Concello. A corporación municipal acordou por unanimidade concederlles esta distinción como recoñecemento ao “encomiable” labor que realizaron no ámbito cultural, deportivo, pastoral e sobre todo no educativo. P8



EMPRESA

Curso gratuíto de primeiros auxilios para traballadores en activo P7

COMARCA

Entrevista con Ángel Penas, voceiro do BNG no concello de Toques P19

CULTURA

Todo listo para elixir en Melide a Miss e Míster Galicia Terceira idade P22

ENTREVISTA



Mercedes Abad León,
El Dándolo
Moda P31

Adegas “O Mandil” gana a III Ruta Melide de Tapas



O “Espeto de San Benito” fíxose co premio á mellor tapa. Casa Quinzán, Cafetería Stop e Pousada Chiquitín resultaron ganadores no resto de categorías. P3

A comarca, afectada polo peche de Preescolar na casa



Despois de 35 anos, este programa educativo exemplar bota o peche por falta de axudas e deixa sen atención a 99 familias da Terra de Melide e arredores. P15

JAVIER LÓPEZ LÓPEZ ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Policía Local baixo mínimos

Un dos principais indicadores que se toma á hora de medir a calidade de vida dun país, dunha cidade ou dunha vila son os seus índices de seguridade. Abofé que é importante sentirse cómodo na casa sen necesidade de darlle tres voltas á chave, sacar cartos no caixeiro sen mirar de esguello quen está detrás e pasear de noite coa tranquilidade de que non vai haber sorpresas ingratas á volta da esquina. Todo iso é posible en Melide, unha vila de paz que rara vez salta aos titulares por sucesos abruptos. Porén, non deixa de ser unha mala nova para os veciños do municipio que este verán, a diferenza do que viña acontecendo nos anteriores, non vaia haber reforzos para a Policía Local.

É unha realidade constatable que o número de axentes que patrullan polas rúas da vila resulta insuficiente. Os ratios recomendados establecen que debe haber un profesional por cada 1.000 habitantes pero en Melide, onde viven preto de 8.000 persoas, hai só catro axentes. As contas non cadran e son aínda máis imposibles na época de verán, cando a poboación se multiplica e aumenta o número de turistas e peregrinos que atravesan a comarca. Do mesmo xeito, cada fin de semana a vila é tomada por miles de mozos que se



achegan a ela para gozar da marcha local. E sen ser conflitiva a movida melidense, faise preciso un control que será imposible realizar. E sendo moi civilizada a xente que ateiga as rúas, segue sendo precisa unha vixilancia que non se vai poder prestar. A profesionalidade e a boa intención de catro axentes, xunto coa axuda da Garda Civil, non abundan. Xusto cando máis policía se necesitan, menos vai haber.

Como nada é froito da casualidade, tras esta situación agóchase por unha banda a falta de previsión e por outra unhas tesoiras que recortan. A Xunta de Galicia decidiu non estender este ano a liña de axudas para contratar reforzos nos corpos municipais de seguridade e deixou no limbo a

concellos como os de Melide, onde houbo unha reacción tardía para tratar de solucionar a situación. A boa xestión consiste tamén en anticiparse aos acontecementos e queda probado que os diferentes gobernos de Melide non foron bos visionarios. Así o demostra o feito de seren incapaces de poñer en marcha a convocatoria para cubrir as dúas prazas vacantes da Policía Local.

Sexamos nós, como cidadáns, previsores. Miremos máis alá e comprendamos o que realmente significa este déficit en seguridade; unha eiva que semella imperceptible pero que supón un paso atrás. Vexamos, pois, como os recortes comezan a saír da pantalla da televisión para converterse en algo real que afecta á nosa calidade de vida.

Tribuna de opinión

Os mesmos de sempre

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Chegou o verán e a realidade na que vivimos adquire un cariz diferente. Ben sexa polas horas de sol, pola calor ou pola proximidade dunhas vacacións desexadas, a vida colle un ritmo distinto: máis optimista, máis dinámico, máis rápido. O verán son as festas de San Cristóbal, do Carme, da Santa María, o San Roque e o San Caralampio. Son as rúas cheas de xente polo día e pola noite e os clientes entrando e saíndo dos negocios.

A realidade quizais sexa distinta pero a nosa obriga é seguir sendo os mesmos: como cidadáns para gozar de xeito responsable dunha época do ano que ofrece moitas máis posibilidades de ocio e como empresarios para seguir prestando un servizo e unha atención de excelente

calidade que manteñan o nome de Melide como referente comercial.

Sería un erro dispensar un trato diferente a quen está de paso por tratarse do verán. Coidar ao cliente habitual é compatible con coidar ao esporádico que, malia ser un descoñecido, ten memoria e ten beizos polos que falar. Alá onde chegue levará o nome de Melide asociado a boas ou malas opinións. Non hai dúbida de que a boa reputación do comercio local se forxou con anos e anos de servizo excelente. Máis non sobra lembrar que esa debe ser a liña a seguir aínda que as circunstancias cambien (pola crise, polo verán...) e nos teñamos que adaptar a elas. Trátase, en definitiva, de ser distintos sendo os mesmos de sempre.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	8
-COMARCA.....	15
-CULTURA E LECER.....	22
-COLABORACIÓNS.....	30
-ENTREVISTA.....	31

Adega O Mandil gana a terceira edición da ruta de tapas co seu espeto de San Benito

Casa Quinzán, Chiquitín e Cafetería Stop obteñen os premios no resto de categorías

Despois de catro fins de semana consecutivos probando propostas culinarias en dezanove establecementos de hostalería melidenses, os clientes que participaron na terceira edición da ruta "Melide de Tapas", organizada por Asetem-Cca, decidiron cos seus votos que o Espeto de San Benito elaborado por Adega O Mandil é a mellor das tapas presentadas a competición.

Este bar da zona dos viños conquistou o padal dos consumidores cun espeto a base de raxo, tomate cherry, gambas e champiñóns feito á grella e acompañado por unha salsa picante. O propietario do establecemento, Jesús Segade, mostrouse satisfeito por ter acadado o premio e sinalou que "o máis importante é que o valore a xente". Segade destacou tamén a importancia de iniciativas coma a ruta de tapas na dinamización da hostalería de Melide.

Ademais de escoller a mellor tapa, os clientes tamén outorgaron outros tres recoñecementos en diferentes categorías que quedaron repartidos do seguinte xeito: Casa Quinzán obtivo o premio á

mellor tapa innovadora cunha proposta denominada Mini Cima de Ave, inspirada na tradición culinaria arxentina. Pousada Chiquitín, que presentou a concurso un espeto de polbo con gambas e queixo do Cebreiro, fíxose co premio á mellor tapa elaborada con produtos galegos. Por último, Cafetería Stop repetiu por segundo ano consecutivo ganando na categoría de mellor tapa tradicional. Elaborou zorza con cachelos.

Cientes premiados

Claudia Casal Ramos, unha nena veciña de Melide, residente na Avenida de Lugo, foi a ganadora do premio sorteado entre aqueles clientes que probaron e votaron as 19 tapas en concurso. Gozará dunha xornada para dúas persoas no parque zoológico Marcelle Natureza, en Outeiro de Rei. A visita inclúe un xantar no restaurante La Cabaña de Marcelle, situado dentro do propio recinto.

Tamén houbo premio para os consumidores que probaron polo menos a metade das tapas. Neste caso o afortunado foi Jorge Prado, tamén veciño de Melide, que recibirá unha completa cesta de produtos ibéricos cedida por xentileza de Distribucións O Carrizo. Contén un xamón de bodega, lombo, salchichón, chourizón, lacón, un queixo de Arzúa-Ulloa e outro de Castilla, un taco de xamón sen óso, outro de paleta de porco celta e unha xerra pequena de Artesanía de Guindivós.



Jesús Segade (dereita) e os camareiros do local coa placa do premio á mellor tapa



ESPETO DE SAN BENITO

A tapa ganadora está elaborada con raxo, gambas, tomate cherry e champiñóns. Faise na grella e vai acompañada dunha salsa picante. É, segundo os seus autores, "un prato sinxelo pero que require tempo de elaboración". Adega O Mandil bautizou a tapa como "Espeto de San Benito" en honor a un amigo e cliente habitual do establecemento que planta tomates cherry.



A ruta "Melide de tapas" é un bo reclamo para a clientela, que aumenta nas fins de semana nas que se celebra o concurso. Na imaxe, varias persoas degustan a tapa de Casa Quinzán.



Villamor.s.c

www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo

gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
Canton de San Roque, 8

Tel. y fax: 981 818 330
info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/ Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

VIDA, HOGAR Y ACCIDENTES

hasta el

**TU SEGURO DE VIDA, HOGAR
Y ACCIDENTES**

A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

25%
descuento

POUSADA CHIQUITÍN PREMIO Á TAPA FEITA CON PRODUTOS GALEGOS

Pousada Chiquitín deleitou aos clientes da ruta de tapas cun espeto de polbo con gambas e queixo do Cebreiro. A elaboración consiste en saltar todo, xunto con allo, e cando estea ben quente botarlle o queixo. Na confección da tapa que presentaron a concurso tivo moito que ver o enxeño dun cliente habitual que un bo día pediu queixo para acompañar o polbo con gambas que estaba comendo, un dos pratos que figura na carta de Pousada Chiquitín e que máis éxito ten entre a clientela. É por iso que Armando Prado, tras a barra da pousada, di que a súa foi unha tapa feita “sen querer, coma moitos pratos”.



Armando Prado na cafetería de Pousada Chiquitín

CAFETERÍA STOP PREMIO Á MELLOR TAPA TRADICIONAL

Para Jorge Santiso, propietario da Cafetería Stop, non é novidade ningunha que as súas tapas acaden un premio, pois xa é a segunda vez que resulta vencedor na categoría de tapa tradicional. Na ocasión anterior apostou pola orella picante de porco, unha proposta que gustou moito, “incluso entre a xente nova, que se resiste a probar este tipo de produtos”. Desta volta a aposta foi máis segura pero tivo o mesmo resultado e a zorza con cachelos “estilo Stop”, tivo moi boa aceptación entre a clientela. Un prato “sinxelo”, que ten o segredo do bo sabor no adobo dunha carne “que debe ser tenra”.



Jorge Santiso, coa placa conmemorativa, na Cafetería Stop



CASA QUINZÁN PREMIO Á TAPA INNOVADORA



Sebastián Becerra, de Casa Quinzán, e Pilar López, de Asetem

Mini Cima de Ave, a tapa elaborada polo restaurante Casa Quinzán, está feita a base de polo. Na elaboración emprégase un polo enteiro ao que se lle quita o óso e se enche con verduras. Despois átese, cócese e logo córtase en racións. Neste caso presentouse acompañado por calabacín, queixo e unha base de puré de boniato, unha planta tropical. O prato está inspirado nun entrante típico da Arxentina que se serve en celebracións como vodas ou bautizos e cuxo nome orixinal é “Matambre de pollo”. Segundo explica Sebastián Becerra, decidíronse a cambiarlle o nome para darlle á tapa “un toque máis original”.

Empresarios melidenses, na nova directiva de Terras de Ulla e Tambre

A Asociación empresarial turística Terras de Ulla e Tambre, que agrupa a empresarios dos concellos bañados polas augas destes dous ríos, vén de renovar recentemente a súa directiva. Entre as novas caras que se incorporan á xestión da entidade figuran catro empresarios de Melide: Diego Rodríguez, de Ferventía, como vicepresidente; Minia Varela, de Xebre, como secretaria; Alberto Rodríguez, de Casa Estilo, como tesoireiro e Manuel Pérez, de Distribuciones O Carrizo, como vocal. A pre-

sidencia recae na persoa de Eduardo Brandariz, de Casa Brandariz.

A primeira reunión do novo equipo directivo, no que o 50% dos cargos están ocupados por empresarios melidenses, celebrouse o pasado 26 de xuño no Centro de Divulgación do queixo e do mel, en Arzúa. A xunta directiva acordou recadar información sobre o estado e a situación de Portodemouros co obxectivo de poñelo en valor, xa que consideran que é un complexo “de interese para o conxunto do

territorio e un complemento á actividade turística moi importante”. Por outra banda, acordaron solicitar á empresa responsable da instalación de postes táctiles con información sobre Terras de Ulla e Tambre que arranxe todos os que non funcionen e que realice un correcto mantemento.

Ademais, a xunta directiva fixou en 20 euros a cota de permanencia na asociación e resolveu realizar unha rolda de presentación ante os responsables dos distintos concellos para darse a coñecer.



Empresarios asociados a Terras de Ulla e Tambre participaron no Forum Gastronómico de Santiago. Na foto, Pulpería Alongos

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981 50 79 78
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981 50 73 00

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981 50 55 04
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981 50 52 83
Eypar, S.A.
Madanela
981 50 72 03
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981 50 50 13
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981 50 64 73
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981 50 52 51
Bambi
Rosaleda, 5
981 50 75 36
Berencello
Rúa do Convento, 2
661 81 59 76
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 50 04
Calitex
Galicia, 4
981 50 51 54
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981 50 59 16
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981 50 51 11
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03

Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981 50 61 42
Cooperativa
Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Cousas Novas
Rúa do convento, 30
981 50 74 74
Cristalería González
Agüeiros, 44
981 50 70 16
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988 33 52 94
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615 36 00 89
Distribuciones
Pascual
Avda. Lalín, 24
981 50 61 50
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981 50 71 71
El Baúl de la Piquer
Rúa Progreso, 1
981 50 70 65
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981 50 59 51
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981 50 78 55
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981 50 58 76

Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
H2O
Alexandre Bóveda, 10
981 50 75 78
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981 50 78 06
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981 50 64 34
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981 50 59 97
La Cortina
Avda. de Lugo, 43
981 50 63 58
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981 80 80 09
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mis mejores labores
Avda. América, 3
657 43 56 99
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
Modas Alfonso
Mateo Segade, 13
981 50 54 58
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981 50 73 77
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31

Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
Melide
981 50 57 34
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981 50 60 97
Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Ortopedia Ortosaude
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados Abel
Camiño de Ovedo, 16
609 82 30 79
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981 19 34 94
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981 50 71 74
Toanma
Rúa San Juan, 1 - Baixo
981 50 74 93
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981 50 79 54
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627 24 00 11
Supermercados
García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981 50 57 23
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31
Xtempora
Rúa Moa, 1
981 50 52 27
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981 50 57 93

CONSTRUCCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981 51 53 86
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981 80 44 04
Cervisa Sistemas
Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981 50 71 76
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo
Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Martínez
Cordido
Dr. Fleming, 1
981 50 60 51
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981 50 58 59
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981 50 70 89
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981 17 05 50
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981 50 55 92
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981 50 04 51
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00
Revestimientos
Rifer
Avda. de Lalín, 26
981 50 71 16

HOSTELERÍA

A Boa Viña
Praza da Herba, 10
Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981 50 79 01

Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981 50 53 46
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981 50 78 53
Cafetería Stop
Rúa da Catedral, 1
Esquina San Antonio
Casa Quinzán
Rúa do Convento, 7
981 50 53 25
Cervexería Godiva
Ichoas, 7
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
O sapo Lambón
Taboada Roca
881 95 98 49
Parillada O Carbuo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pensión Xaneiro
San Pedro, 22
981 50 50 15
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981 50 79 06
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981 50 75 10
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981 50 55 87

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981 50 54 82

SERVIZOS

Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981 50 70 47
Clínica Dental Ana
Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Fisio - Vida
Florentino Cuevillas, 19
981 50 70 47
Hardgalicia - “R”
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981 81 53 30
Peluquería
Gómez Andón
Álvarez Carballido, 1
981 50 75 39

Perruquería
Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650 43 63 75
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982 24 25 63
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981 50 61 81
Servinet
Rúa Progreso, 36
615 92 96 47

SOCIO
COLABORADOR

Mª Carmen
Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981 50 56 12
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981 50 52 11
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sin compromiso!!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Subvencións a entidades privadas para incentivar o turismo mediante a mellora de establecementos hoteleiros do grupo I e creación ou mellora da oferta complementaria de establecementos hoteleiros existentes, ano 2012. (DOG nº 124, do 29 de Xuño de 2012)

Beneficiarios: Empresarios autónomos ou as constituídas baixo calquera tipo de sociedade mercantil ou comunidade de bens, que estean inscritas ou se inscriban no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta.

Liñas de axuda:

A) Mellora, remodelación ou modernización de establecementos hoteleiros do grupo I (hoteis de 1 a 5 estrelas): elevación da categoría do hotel, reconversión de cuartos en suites, mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras, mellora de garaxes ou aparcamentos, ampliación ou mellora de instalacións adicadas ó coidado da saúde, implantación de tecnoloxías e sistemas de organización para a mellora da xestión, e obras de mellora medioambiental.

B) Proxectos de creación ou mellora da oferta complementaria (instalacións deportivas, recreativas ou de ocio, garderías, spa...) e actividades destinadas especialmente para o público infantil e aquelas susceptibles de xerar máis gasto e/ou maior estancia media dos viaxeiros.

C) Axudas destinadas a equipamentos: equipamentos para cuartos, para espazos común e sinalización turística.

Cuantía: ata o 40% do investimento
Prazo de execución: obras feitas dende o 1 de xaneiro de 2012.
Prazo: Ata o 29 de Xullo de 2012.

2. Subvencións a entidades privadas para incetivar o turismo mediante a creación de hoteis-balnearios e hoteis-talaso, ano 2012. (DOG nº 130, do 2 de Xullo de 2012)

Beneficiarios: empresarios autónomos ou as constituídas baixo calquera tipo de sociedade mercantil, ou comunidade de bens.

Liñas de axuda:

A) Proxectos de creación de hoteis-balneario
B) Proxectos de creación de hoteis-talaso
C) Equipamento dos proxectos de creación dos hoteis obxecto da axuda (equipamento para habitacións, espazos común e equipamento específico para espazo balneario).

Cuantía: ata o 40% para pemes e 30% para grandes empresas.
Prazo: Ata o 2 de Agosto de 2012.

3. Subvencións para a potenciación do turismo mediante a mellora de establecementos restaurantes. (DOG nº 124, do 29 de Xuño de 2012)

Actuacións Subvencionables:

A) Melloras nas instalación: facilitar a accesibilidade, mellorar a sustentabilidade, mellora de cociñas, baños e comedores dos restaurantes, mellora de garaxes ou aparcamentos de clientes.

B) Mellora nos servizo: adecuación dos servizos para persoas con discapacidade e ampliación de tecnoloxías e sistemas de organización relativos á mellora de xestión dos establecementos. As obras deben ser realizadas dende o 1 de xaneiro de 2012.

Axuda: Ata ó 40% do custo elixible.
Beneficiarios: Titulares de restaurantes inscritos no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.
Prazo: Ata o 29 de Xullo de 2012.

4. Liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva en Galicia. (Programa Re-Imaxina) (DOG Nº 120, do 25 de xuño de 2012)

Liñas de axuda:

a) MICROCRÉDITOS (Investimentos en microempresas). Crédito máximo de 25.000€, con xuro ó 4,50%. Prazo de reembolso 5 anos incluído ata 1 ano de carencia. Podese financiar ata o 100% dos investimentos.

b) PEME XOVE (Investimentos en proxectos emprendedores). Créditos entre 25.000€ e 120.000€; xuro, Euribor a seis meses máis 2,5 puntos. Prazo de reembolso entre 5 e 7 anos incluído ata 1 ano de carencia. Podese financiar ata o 90% dos investimentos.

c) PEME COMPETITIVA (Investimentos que permitan mellorar a competitividade das empresas). Créditos entre 25.000€ e 120.000€; xuro, Euribor a seis meses máis 2,5 puntos. Prazo de reembolso entre 5 e 7 anos incluído ata 1 ano de carencia. Podese financiar ata o 75% dos investimentos.

Beneficiarios: PEMES, persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica que anque non teñan personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades da subvención.

Prazo: Ata o 14 de Setembro de 2012.

Fiscal e laboral

MEDIDAS URXENTES DE IMPULSO DO COMERCIO (BOE 126, de 26 de maio de 2012).

AMBITO DE APLICACIÓN.

Actividades comerciais minoristas e a prestación de determinados servizos previstos no anexo desta disposición, realizados a través de establecementos permanentes, sitios no territorio nacional e cuxa superficie útil de exposición e venda ao público non supere 300 metros cadrados.

INESIXIBILIDADE DE LICENZA

Para o inicio e desenrolo das actividades e servizos definidos no punto anterior, non poderá esixirse por parte das administracións públicas obtención de licenza previa de instalacións, de funcionamento ou de actividade, nin outras de clase similar que suxeiten a previa autorización ao exercicio da actividade comercial o á posibilidade de apertura do establecemento correspondente.

Tampouco están suxeitos a licenza os cambios de titularidade de actividades comerciais e servizos. Neste caso será esixible comunicación previa á administración competente, aos efectos informativos.

Non será esixible licenza ou autorización previa para a realización de obras de acondicionamento dos locais para desempeñar a actividade comercial, cando non requiran redacción de proxecto de obra de conformidade coa Lei de Ordenación da Edificación vixente.

DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA

As licenzas que non poidan ser esixidas serán substituídas por declaracións responsables ou comunicacións previas relativas ao cumprimento da normativa vixente, que deberá conter manifestación explícita do cumprimento dos requisitos que resulten esixibles de acordo coa normativa vixente, incluído estar en posesión de proxecto, en caso preciso.

ACTIVIDADES INCLUIDAS NO AMBITO DE APLICACIÓN DESTA DISPOSICIÓN

Actividades con IAE específico, nomeado no citado anexo, dentro dos grupos de IAE que se sinalan a continuación, son as incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto-lei.

- .- Industria do calzado e vestido e outras confeccións textís (Grupo 45 de IAE)
- .- Comercio menor de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos permanentes. (Grupo 64 de IAE)
- .- Comercio menor de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes. (Grupo 65 de IAE)
- .- Reparacións (Grupo 69 de IAE)
- .- Actividades anexas ó transporte (Grupo 75 de IAE). Limitado a Axencias de viaxe.
- .- Auxiliares financeiros e de Seguros. Actividades inmobiliarias (Grupo 83 de IAE)

A CEC organiza en Melide un curso de primeiros auxilios destinado a traballadores en activo

Os interesados poden anotarse en Asetem ata o día 31 de xullo

O coñecemento das técnicas elementais de asistencia sanitaria, así como unha correcta atención nos primeiros momentos tras un accidente, poden minimizar as consecuencias negativas de calquera infortunio acaecido no lugar de traballo e mesmo salvar vidas. Co obxectivo de dar unha formación básica neste ámbito a patróns e empregados, a Confederación de Empresarios da Coruña (CEC) pon en marcha en colaboración con Asetem un curso de primeiros auxilios.

Está dirixido tanto a empresarios como a traballadores en activo e realizarase o xoves 13 de setembro na sede da pa-



O curso versará sobre as técnicas básicas para prestar axuda

tronal melidense, na rúa Lino Sexto Sánchez. O curso impartirase nunha xornada única de cinco horas de duración, entre as 4 e as 9 da tarde. O prazo de inscrición xa está aberto e os interesados poden anotarse nas oficinas de Asetem, de 9:00 a 13:00 horas, ata o 31 de xullo. Hai un total de 20

prazas dispoñibles. En caso de moita demanda, os participantes serán admitidos por estrita orde de inscrición.

Contidos

Os asistentes ao curso poderán aprender como reaccionar ante unha situación de emerxencia e recibirán nocións

básicas de primeiros auxilios. O programa abordará en primeiro lugar as partes do corpo, facendo fincapé no funcionamento dos sistemas respiratorio e circulatorio. Nun segundo bloque explicárase como afrontar unha parada cardiorespiratoria e como practicar a reanimación. Tamén se fará unha breve introdución ao funcionamento dos desfibriladores.

Por outra banda, explicáranse as claves para valorar correctamente a gravidade das feridas e para deter unha hemorraxia. Tamén se ensinará a tratar as lesións e traumatismos máis frecuentes. Por último, abordarase o xeito en que hai que mobilizar aos feridos de acordo cos protocolos sanitarios. O curso será impartido por Miguel Ángel Villar, bombeiro no parque de Betanzos e fisioterapeuta cunha ampla experiencia en situacións de emerxencia.

Dispoñibles para socios os carteis das rebaixas

Os propietarios de empresas e comercios asociados a Asetem-Cca teñen á súa disposición na sede da patronal melidense os carteis das rebaixas de verán, que distribúe de xeito gratuito a Federación Galega de Comercio. Todos aqueles que o desexen poden pasar a recollelos en horario de 8:30 a 13:00. O período de rebaixas comezou o 1 de xullo e rematará o 30 de setembro. A Federación de Usuarios e Consumidores Independentes estima que cada galego gastará unha media de 59 euros, 9 máis ca no mesmo período do ano anterior e 1 euro por enriba da media estatal. Con todo, o gasto quedará por debaixo dos 88 euros de media que investiron os galegos nas rebaixas do ano 2008 ou os 122 que gastaron en 2006. Sete de cada dez enquisados prevé mercar nas rebaixas.

Empresas da vila deberán formar aos empregados para previr o branqueo

A Lei 10/2010 de 28 de abril sobre Prevención de Branqueo de Capitais e Financiamento do Terrorismo obriga a que os traballadores de certas actividades empresariais estean formados na materia. Entre esas actividades afectadas, que a norma recolle no seu artigo 2, figuran algunhas con destacada presenza na vila de Melide. Tal é o caso de entidades aseguradoras, construtores, promotores, xoierías, bancos e caixas de aforros, asociacións, axencias inmobiliarias ou despachos de avogados, entre outras. (A lista completa está dispoñible en www.asetem.com). Ademais, a lei tamén obriga ás persoas físicas ou xurídicas que comercien profesionalmente con calquera tipo de ben cuxo importe supere os 15.000 €.

Todos os empresarios concernidos pola norma deberán garantir que os seus empregados coñezan as esixencias derivadas da lei. Estas medidas inclúen, segundo se establece no artigo 29, “a participación

debidamente acreditada dos empregados en cursos de formación específicos orientados a detectar operacións relacionadas co branqueo de capitais e instruílos sobre a forma de proceder en tales casos”.

Non cumprir a obriga de formación será considerado unha infracción grave, o que pode supoñer unha sanción económica por un importe mínimo de 60.001 euros.

Curso en Asetem

Para facilitar que todos os asociados se axusten á lei, Asetem-Cca está a organizar un curso de “Experto en prevención de branqueo de capitais” no que se abordará con detalle a nova normativa legal. Terá unha parte presencial e outra a distancia e dará comezo en canto se reúna un número axeitado de alumnos. Os contidos inclúen conceptos básicos sobre o branqueo, un repaso pola normativa española e internacional, métodos de prevención e medidas de control interno.

Empresarios da comarca aprenden as claves para “atrapar” ao turista

Co número de pernoctas máis baixo de toda España e unhas cifras de ocupación inferiores á media nacional, Galicia (e por extensión a Terra de Melide e os arredores) amosan eivas no referido á xestión do negocio turístico. Os datos falan do desaproveitamento dun sector que na comarca ten grandes posibilidades debido ao camiño de Santiago e aos recursos naturais.

Para sacar maior rendemento do turismo local, o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandoe (GDR) vén de poñer en marcha o curso “Promoción e Comercialización de Produtos Turísticos”, co que pretende formar aos profesionais do sector para que planifiquen accións conxuntas e desenvolvan estratexias de marketing. O obxectivo é que os visitantes permanezan máis días na comarca e gasten máis cartos.

En liñas básicas o que se busca, tal e como ilustra cun exemplo gráfico a xerente do GDR, María Fernández, é que “cando a xente vaia a unha casa rural coa idea de estar



Os recursos naturais son parte do atractivo turístico da comarca

dous días, decida pasar unha semana porque ve que ten moitas actividades complementarias que facer e moitos sitios interesantes que visitar”. Iso pasa, segundo Fernández, por facer proxectos “nos que todos os profesionais do sector colaboren” e por “levalos pola senda da planificación, sen traballar a salto de mata”.

Con esa intención, o curso, que xa comezou o 3 de xullo no Centro Cultural Luis Seoane de O Pino e que se prolon-

gará sete xornadas máis ao longo de todo o verán, traballará na elaboración de plans de marketing, estratexias de comunicación e proxectos con obxectivos definidos a tres anos vista. Terá un carácter práctico e incluírá tamén o estudo de experiencias de éxito noutros territorios. Esta acción formativa está dirixida a xerentes e propietarios de negocios de turismo: casas rurais, restaurantes, tendas e outras actividades relacionadas.

Os Padres Pasionistas reciben a Medalla de Ouro do concello

A distinción reconece a súa traxectoria e o “encomiable” traballo feito

A corporación melidense, en nome de todos os veciños e veciñas do municipio, quixo reconecer o importante labor desenvolto polos Padres Pasionistas na vila ao longo de máis dun século outorgándolles a Medalla de Ouro do Concello de Melide.

A entrega da condecoración celebrouse o 29 de xuño, en coincidencia co día do patrón da vila, San Pedro, e no transcurso dun acto solemne que tivo lugar non salón de plenos municipal. Á cerimonia acudiron o Padre Jesús Lizarraga e Jesús García Padín, máis coñecido como Padre Rogelio, que foi o último dos relixiosos en abandonar o convento melidense de Priorada. Na entrega da medalla tamén participaron representantes dos tres grupos políticos do concello, anteriores homenaxeados e numerosos cidadáns.

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, destacou o “encomiable” traballo que fixeron os relixiosos no ámbito cultural, deportivo, pastoral “e especialmente no educativo”, o que contribuíu, dixo, “a construír unha sociedade máis forte”. Vázquez cualificou de “sentida e sincera” a homenaxe aos Padres Pasionistas e



O Padre Lizarraga asinou no libro de ouro do concello

tivo un recordo para todas as persoeiros e institucións que recibiron a condecoración en anos anteriores. “Melide é o que é grazas a todos eles” asegurou ao tempo que animou á sociedade “a seguir o camiño emprendido por todos aqueles que foron homenaxeados”.

A continuación, a Concelleira de Cultura e Deportes, Dolores Gómez, repasou os feitos máis importantes no paso dos frades pola vila e sinalou que Melide segue en débeda co labor formativo e educacional desenvolvido polos Pasionistas, “que deixaron en nós unha pegada indeleble”.

Honrados pola homenaxe
Trala imposición da medalla, o Padre Jesús Lizarraga tomou a palabra para agradecer a condecoración, que quixo compartir “con todos os que viviron, traballaron e deixaron aquí a súa vida”. En referencia

aos padres pasionistas que pasaron polo convento de Priorada ao longo de décadas, asegurou que “todos puxeron sempre un empeño desinteresado e fixeron o que entendían que era o mellor que podían facer”. Nesa liña, restou importancia á importante labor que realizaron no municipio e manifestou que “en cen anos de presenza en Melide só fixemos o que tiñamos a obriga de facer”. Lizarraga tamén tivo palabras de agradecemento para o pobo melidense: “sempre fomos correspondidos con axudas de todo tipo e coa amizade e recoñecemento do que seguimos gozando”, sinalou.

Para rematar o acto, padres pasionistas e corporación asistiron a unha breve actuación do grupo de gaitas Herba Gri-leira na Praza do Convento, trala cal se celebrou unha misa na igrexa parroquial seguida da procesión de San Pedro.

UN SÉCULO DE XENEROSIDADE CO POBO DE MELIDE

Na Semana Santa de 1909 chegaron dende Mondoñedo a Melide dous relixiosos pasionistas chamados Clemente e Toribio. Viñeron predicar pero os veciños da vila ficaron tan ilusionados co seu labor que lles solicitaron a creación dun convento. De contado apareceron os benfeitores e as doazóns de cartos e terras que permitirían colocar, en xuño dese mesmo ano, a primeira pedra da que había ser a sede dos Padres Pasionistas en Melide. Comezaba así unha historia de estreita relación cos veciños na que os relixiosos contribuíron ao progreso e desenvolvemento do pobo.

Xa na década dos anos 20 o convento converteuse tamén nunha casa de estudos e formación que durante case corenta anos impartiu docencia de filosofía e teoloxía. Nos anos 60 pasou a ser un colexio internado no que chegaron a estudar ata 94 alumnos residentes no convento. Pero os Padres Pasionistas ofreceron máis ca unha docencia regrada e formal. As súas portas abríronse á cidadanía e centos de melidenses participaron durante anos das actividades ofrecidas polos relixiosos: xogos de mesa, deportes, estudo asistido, cursos de verán e mesmo a escola de gaita e baile tradicional da que saíron algunhas das agrupacións senlleiras da Terra de Melide.

Foi importante tamén a súa labor pastoral, que adquiriu relevancia nos anos 80, cando comezaron a dar misa nalgúns parroquias do concello. En 1995 a congregación cedeu unha parcela de máis de 10.000 metros cadrados para a construción da residencia de maiores. Mesmo a súa despedida, co peche do convento en outubro de 2011, foi xenerosa; os Padres Pasionistas marcharon doando a súa biblioteca persoal á Biblioteca Pública Municipal.



Os Padres Pasionistas e a corporación municipal na Praza do Convento



**HOTEL BALNEARIO
RÍO PAMBRE**

Vilariño (Sambreixo) - Palas de Rei - 27.203 Lugo
Telf: 982 37 41 35 / Fax: 982 37 40 98
E-mail: info@balneariopambre.com
Web: www.balnearioriopambre.com

XORNAL CERNE

**Departamento
de publicidade**

663 687 322

981 506 188

adolfo2007adolfo@hotmail.com

Aprobada a cesión da parcela na que se construíra o novo centro de saúde da vila

O ambulatorio abrirá as portas antes de 2017 e terá unha vida útil de 30 anos

O concello de Melide cedeu de forma definitiva ao Servizo Galego de Saúde (Sergas) a parcela de titularidade municipal na que a Xunta de Galicia construíra o novo centro de saúde da vila. A cesión, que pon fin a varios meses de trámites administrativos, foi aprobada por unanimidade dos grupos políticos nun pleno extraordinario celebrado o pasado día 20 de xuño.

A finca sitúase na parte traseira do actual ambulatorio e ten unha superficie de 3.667 metros cadrados dos que 2.200 serán ocupados polo edificio, que terá entrada pola Rúa Ourense. Malia que o Sergas cualificou de prioritaria



Benito Nebril, Concelleiro de Sanidade, na finca do novo ambulatorio

a construción desta nova infraestrutura, non hai un prazo estipulado para a posta en marcha do novo centro de saúde. Con todo, o equipo de goberno estima e que entrará en servizo, como moi tarde, dentro de cinco anos. O edificio conta cun orzamento de 2,6 millóns de euros que achegará integramente a Conselle-

ría de Sanidade. Calcúlase que terá unha vida útil próxima aos 30 anos.

Ademais da cesión, o pleno tamén aprobou o cambio de uso da finca, que pasa a ser sanitario. Ata agora estaba catalogada como solo asistencial xa que o anterior goberno da Xunta (PSOE-BNG) tiña projectado erguer nesos mesmos

terreos un centro para discapacitados intelectuais.

Fin a 7 meses de trámites

A cesión pon fin á tramitación dun expediente que se iniciou en novembro de 2011 cando o Sergas apurou ao concello para que entregase os terreos canto antes. Para a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, foi un proceso "longo" que se complicou ao ter que escriturar de novo a finca, liberala das cargas urbanísticas que tiña e facer a parcelación dos terreos, ademais de cambiarlles o uso. Un cúmulo de atrancos que, ao seu xuízo, retrasaron a cesión e xustifican a convocatoria urxente do pleno, unha medida duramente criticada pola oposición. "Apelamos á urxencia porque lle urxía a Sanidade", comentou Vázquez, quen asegurou que toda a documentación requirida foi enviada aos diferentes departamentos da consellería a mesma mañá na que se aprobou a cesión.

Falece un mozo de Santalla tras quedar atrapado baixo o tractor

José Ramón Doamo Casanova, veciño da parroquia melidense de Santalla de Agrón, faleceu o pasado 27 de xuño tras quedar atrapado baixo o tractor que conducía.

O home, de 29 anos, traballaba transportando rolos de silo en Marrás (Maceda). Cando realizaba unha das últimas viaxes o tractor saíuse da vía por causas descoñecidas e precipitouse por un terraplén de máis de cinco metros, atrapando ao mozo baixo a cabina. Dende Urxencias Médicas solicitouse a asistencia do helicóptero 112 con base en Santiago, aínda que o servizo foi finalmente anulado ao constatar que xa nada se podía facer para salvarlle a vida. Ata o lugar desprazáronse os bombeiros de Arzúa, para axudar na excarceración, Protección Civil de Melide, a Garda Civil e a Policía Local. No que vai de ano faleceron en Galicia seis persoas esmagadas polos seus tractores.

Psicotécnico Santa Ana

Cantón de San Roque, 9 - 1º D
Tfno y fax: 981 50 50 75
Melide (A Coruña)



Al hacer el psicotécnico le
tramitamos la renovación de su
carnet ante la jefatura de trafico

GRATIS

Certificados Psicotécnicos:
Conducir (toda España)
Armas
Guardia forestal
Seguridad privada
Perros peligrosos
Buceo y otros
Chequeos médicos
Certificados médicos
Medicina en general

O PP defende as fumigacións aéreas para evitar o uso “sen control” de pesticidas

Tras semanas de polémica, protestas e unha considerable repercusión mediática, a fumigación dos eucaliptos da comarca contra a praga do gurgullo chegou ao pleno do Concello de Melide para ser obxecto de debate. Foi a través dunha moción presentada polo Grupo Municipal do BNG na que lle pedía ao executivo local que recoñecese “o seu erro” e que lle pedise desculpas á cidadanía “por ter instado a través dun bando a fumigar cun produto tóxico”.

O PP fixo uso da súa maioría absoluta para rexeitar a moción e aproveitou para defender a fumigación aérea das árbores planificada pola Xunta de Galicia. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, recoñeceu que o concello emitiu un bando informativo e explicou que “se sacou esa nota porque a xente leva tempo sulfatando pola súa conta, con tractores ou manualmente, e sen control das cantidades que bota”. Nese sentido, destacou que é “preferible” que as fumigacións sexan feitas “por profe-



Melide foi centro de protestas contra a fumigación de eucaliptos

sionais e con supervisión” e amosouse convencida de que “os eucaliptos están morrendo e se non llos fumigan, os propietarios van facer eles mesmos sen control ningún e cun alto custo económico”.

Na mesma liña se manifestou a portavoz do Grupo Popular, M^a Jesús López Mourón, quen negou que o concello promovese a utilización dun insecticida tóxico, tal e como denunciou o BNG amparándose en estudos internacionais

sobre as consecuencias negativas do Flufenoxuron no medio ambiente e na saúde humana. A este respecto Mourón sinalou que o produto “está autorizado e pode mercarse en tendas sen que se precise ningún permiso especial”. A concelleira popular engadiu que se leva empregando “dende hai máis de dez anos para sulfatar pementos, tomates ou patacas” e acusou aos nacionalistas de crear alarma social e “meterlle medo á xente”.

O PEIM destina 105.000 euros para asfaltar 9 pistas do rural

Trinta e dous concellos da provincia da Coruña asinaron coa Consellería do Medio Rural os convenios sobre Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM) a través dos que recibirán unha inversión de máis de 2 millóns de euros para mellorar as súas infraestruturas.

Entre os municipios máis beneficiados está o de Melide, ao que se destina unha partida económica de 105.000 euros

que o goberno local empregará en acondicionar parte da rede viaria do rural. En total asfaltaránse nove pistas nos seguintes lugares e parroquias: Martagona (Curutelo), San Salvador (Curutelo - O Requeixo), Cabazás (Campos), As Seixas (Zas de Rei), Porto-Filgueiras (Folladela), Santa Mariña de Pedrouzos, Pedrouzos - O Perdedoiro, Cabanelas (San Cibrao) e Transfontao (Moldes).

Limpan estradas e cunetas para previr incendios no verán

Ante a chegada do verán e o tempo caloroso, o Concello de Melide vén desenvolvendo nas últimas semanas unha campaña de desbroce co obxectivo de evitar os lumes propios da época estival. Os traballos comezaron o pasado 18 de xuño e afectarán a 180 hectáreas de 26 parroquias do concello. Consisten, basicamente, en afeitar e acondicionar cunetas e pistas no rural. Estes labores de prevención contan cun

investimento de 26.000 euros. O 50% apórtao a Consellería do Medio Rural.

Á marxe dos desbroces, o Concello asinará un convenio de colaboración coa Xunta para “a prevención de incendios mediante a realización de tratamentos en vías, camiños e superficies forestais, no cal o concello porá a disposición a motobomba para extinguir lumes tanto en Melide como nos concellos limítrofes”.

LIQUIDACIÓN TOTAL POR JUBILACIÓN

ROMERO calzados

La Confianza

ROMERO
 Ronda da Coruña, 12
 MELIDE
 Tif.: 981 505 253
La Confianza

Comezan as **REBAIXAS**

Do 1 de xullo
ao 30 de setembro

Merca en **MELIDE**

Calzados

Broz

Home, muller e nenos

Tfno: 981 50 51 60

Camiño de Ovedo, 13 - MELIDE

el baut
de la
Piquer

Programa 1
MELIDE - (A Coruña)

MIS MEJORES LABORES
C/ Avda. de América, 3 MELIDE

MIS MEJORES LABORES
MERCERÍA Y COMPLEMENTOS

H2O

Alexandre Bóveda, 10

Tfno. 981 507 578 - MELIDE

TRISCOS

Moda Xoven

melide

Q' me compro
Carola Moda

Casa das Luces

MODA

*Moda Infantil
Comunión*

Todo para o bebé

Rúa Alexandre Bóveda, 11
Melide Telf. 981 505 111

*Berces, coches, sillas auto
Sistemas de seguridade*

Manuel MODA

Teléfono: 981 50 73 77
Ronda da Coruña, 68
15.800 MELIDE (A Coruña)

ADOLFO DOMINGUEZ

Pulligan

FLORENTINO

GENFINS

Alfonso Modas

Tel. 981 50 54 58 - Rúa Mateo Segade Bugueiro, 13

15800 MELIDE (A Coruña)

Os recortes deixan a Policía Local sen reforzos para os meses de verán

A Policía Local de Melide non contará este verán cos dous auxiliares que habitualmente reforzan o servizo na época estival. A decisión da Xunta de retirar a convocatoria de axudas para contratar axentes de reforzo deixa a seguridade da vila baixo mínimos nuns meses de máxima afluencia de visitantes e de pleno apoxeo da movida nocturna.

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, que no mes de marzo mantivo unha reunión co Conselleiro de Presidencia para trasladarlle a necesidade de aumentar o número de axentes, manifesta que a pesar dos recortes o servizo estará garantido. O equipo de goberno prevé asinar convenios de colaboración con outros concellos da redonda, ao igual ca se fixo en anos anteriores, para contar con reforzos. Por outra banda, confía en que a Garda Civil manteña a liña dos últimos meses, nos que incrementou o número de patrullas e os controis nas noites dos sábados, así como a vixilancia para que os locais cumpran os



Foto: Paco Rodríguez

Melide conta na actualidade con catro axentes da Policía Local

horarios de peche.

Dende o BNG, o voceiro municipal, Xosé María Santín, asegura que a situación actual é froito “da pasividade e despreocupación da alcaldesa do PP” e acusa a Vázquez de non ter posto en marcha procesos para contratar policía locais, como fixeron outros municipios de Galicia. Para os nacionalistas o goberno local “deixa ir a pique o concello e vende coa súa incompetencia a seguridade dos melidenses”.

Na actualidade a Policía Local non vixía as noites de movida porque os catro axentes que a integran son insuficientes. O executivo municipal considera que coa incorporación de dous profesionais se podería establecer unha quenda de noite e estender o servizo ás fins de semana. Nesa liña, o concello xa enviou as bases á Consellería de Presidencia para realizar a convocatoria das dúas prazas vacantes de Policía Local que existen en Melide.

Atacan os cadros da rede de iluminación pública

O concello de Melide pide colaboración cidadá para dar coa persoa ou persoas que na última semana do mes de xuño cometeron sabotaxes contra a rede de iluminación pública, deixando sen luz varias parroquias do concello e algunhas rúas do casco urbano.

Segundo deu a coñecer a Concelleira de Seguridade Cidadá, María Jesús López Mourón, entre os días 22 e 28 de xuño foron cortados os cables de nove cadros eléctricos en distintos puntos do municipio. En concreto, os lugares afectados foron Furelos, San Cosme, Petos e A Martagona. Dentro do núcleo urbano manipularon os cadros das rúas Rosalía de Castro, Alfonso Rodríguez Castelao e Avenida de Lalín, afectando a toda a área do centro de saúde.

O executivo local indica que todos os ataques se produciron de madrugada, polo que os veciños das zonas afectadas permaneceron sen luz varias horas, ata que os operarios municipais se desprazaron á mañá seguinte para arranxar a

avaría causada por estes actos vandálicos que para López Mourón “só teñen a intención de facer mal”. Nun principio o concello considerou que os ataques podían ser obra dunha banda organizada dedicada a roubar cobre pero axiña descartou tal hipótese.

Máis vixilancia

Tras recibir as chamadas de varios veciños e comprobar que os ataques aos cadros eléctricos se repetían, o concello solicitou reforzar os operativos de vixilancia nocturna para dar coas persoas implicadas na sabotaxe: “non permitiremos que continúen este tipo de actos que ademais de ir en contra do concello supoñen un grave prexuízo para os veciños”, sinalou López Mourón. A concelleira engadiu que arranxar os desperfectos supón un custo considerable para as arcas municipais.

Agora o concello considera vital a colaboración cidadá. Un dos veciños afectados asegura ter visto unha persoa subindo a un poste ás 5 da mañá.

Día 13 de xullo

1º Aniversario

Agardámoste!!



FESTAS DO CARME

Festas do Carme, exemplo de sentimento e devoción

Non hai celebración en toda a comarca que se viva con máis devoción e sentimento. A poucos días para que chegue a festividade do Carme, ultímanse os detalles para unha das festas con maior tradición de Melide e que congrega nas rúas da vila a centos de devotos e fieis chegados de todas partes. Os actos relixiosos programados para honrar á virxe comezarán xa o sábado 7 de xullo, no que dará inicio a novena, con misas ás oito da mañá e ás nove da tarde. Mais será o día 15 de xullo, véspera do Carme, cando comecen os actos litúrxico coa procesión do traslado á capela, que sairá ás 19:30 horas. Ao día seguinte celebrarase unha misa cantada ás 12:30 e seguidamente sairá de novo a procesión. Pechará os actos día 17 unha misa solemne e procesión ás 8 do serán. Ademais da parte relixiosa, tamén haberá verbena todos os días, a cargo das orquestras Los Españoles, Capitol, Trovadores, América SL e Suso de Boente.



Festas do Carme **MELIDE**
15 - 16 e 17 XULLO 2012

ACTOS RELIXIOSOS:

NOVENA: COMENZA O DÍA 7 - HORA: 8 DA MAÑÁ E 9 DO SERÁN.

DÍA 15: 7:30 H. DO SERÁN: PROCESIÓN DO TRASLADO Á CAPELA ACOMPAÑADA POLO GRUPO HERBA GRILEIRA.

DÍA 16: MISAS REZADAS ÁS 8, 9, 10 E 11. ÁS 12:30 MISA SOLEMNE CANTADA POLA BANDA DE MÚSICA DE CELANOVA E O GRUPO DE GAITAS HERBA GRILEIRA, SEGUIDAMENTE PROCESIÓN COA CITADA BANDA E O GRUPO DE GAITAS. MISA ÁS 9 DO SERÁN.

DÍA 17: MISA REZADA ÁS 10. ÁS 12 MISA SOLEMNE DOS COFRADES DIFUNTOS. ÁS 8 DO SERÁN MISA SOLEMNE CANTADA POLO GRUPO DA CATEQUESE PARROQUIAL DE MELIDE, SEGUIDA DE PROCESIÓN COA BANDA DE VILATUXE.

DENDE ÁS 9:30 DO
SERÁN VERBENA CON
ORQUESTAS:

LOS ESPAÑOLES
CAPITOL - TROVADORES
AMERICA SL - SUSO DE BOENTE

ACTUACIÓN DAS BANDAS DE:

CELANOVA E VILATUXE

SITO
MIL IDEAS EN ESCAYOLA
Ronda de Pontevedra, 75
981 505 951 - 650 713 063
MELIDE - A Coruña

Café-bar Cantón

Tfno: 981 50 55 69

Mateo Segade Bugueiro, 29
15800 MELIDE (A Coruña)

Pescadería MANOLO
Tfno: 981 50 73 97 - 623 81 20 29 - 607 20 20 26
C. Rosalía, 11 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Herboristería CIUS
Centro de dietética e nutrición
M^a Jesús Conde Chorén
Tfno: 981 50 56 24
chusherboristeria@hotmail.com
Rúa Camiño de Ovedo, 15
15800 MELIDE (A Coruña)

CERVEXERÍA
Godiva

Pasaporte para un traballo

Aberta a matrícula do Ciclo da Madeira

Ata o 19 de xullo permanecerá aberto o prazo de inscrición para matricularse no Ciclo de Grao Medio de Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble que se imparte no IES de Melide. Máis comunmente coñecido como o Ciclo da Madeira, esta opción formativa semella ser unha boa aposta de cara a atopar traballo no difícil panorama actual.

Segundo datos aportados polo propio centro, máis do 80% do alumnado atopa traballo ao rematar o ciclo. Un elevado índice de inserción laboral que se traduce en que 5 de cada 6 alumnos quedan a traballar na propia empresa na que fan prácticas. “Temos moita pequena e mediana empresa que demanda este tipo de profesionais”, explica Javier Iglesias, coordinador do programa de formación do ciclo da madeira. “Isto non é a ESO”, aclara, “ten unha conexión co mundo real e está directamente relacionado cos centros de traballo”.

O ciclo da madeira ofértase

en Melide dende hai 15 anos e consta de 2.000 horas de formación distribuídas en dous cursos escolares. O primeiro ano ten un carácter máis teórico e o alumnado recibe formación en materias como a administración de empresas ou a orientación laboral. O segundo ano, eminentemente práctico, concentra todas as horas de taller e inclúe tres meses de prácticas nun centro de traballo.

A obtención do título habilita para desempeñar as seguintes ocupacións: instalador de chan e revestimentos de madeira, instalador de carpintería de armar, instalador de portas e fiestras, técnico en construción de carpintería a medida, mecanizador de madeira, preparador-instalador de tabiques e mobles, técnico en instalación de mobles de cociña e baño, técnico en construción de mobles á medida. A matrícula pódese formalizar no propio IES de Melide, onde os interesados recibirán todo tipo de información.

FOTO-DENUNCIA

Ríos de tinta e insensatez



O río Furelos e o seu entorno constitúen unha auténtica xoia para a comarca na que practicar o deporte da pesca, realizar actividades de ocio e gozar da natureza. Dende a Asociación de Troiteiros, que limpa e salvagarda o río e as súas marxes, chegan cada vez con maior frecuencia imaxes que representan a falta de respecto, a insensibilidade e a intolerancia. Resulta incomprensible que un espazo de tanta valía

natural e mesmo turística sexa vítima constante de agresións. Desta volta o obxecto dos actos vandálicos foron as sinais do curso fluvial, que quedaron inservibles como consecuencia das pintadas. Máis xa con anterioridade nos sorprendeu o vertido de cascallos, os carterais con grampas nas árbores ou as agresións ao mobiliario da área recreativa. Sexamos civilizados e coidemos entre todos o que é de todos.

Pais e cativos xa gozan dun verán de campamentos



Unha das actividades dos campamentos de verán. Imaxe de arquivo

Coa fin do curso e a chegada do verán, o departamento de cultura e deporte do Concello de Melide pon en marcha un ano máis os campamentos urbanos e deportivos.

Campamentos urbanos

Comezaron o 2 de xullo pero o prazo de inscrición estará aberto ata o 3 de agosto, sete días antes de que rematen, para que as familias poidan matricular aos seus cativos por semanas. Están dirixidos a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 e os 11 anos e desenvolveranse de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00. Os días 16 e 25 de xullo non haberá actividade por seren xornadas festivas. A programación inclúe propostas lúdico-deportivas, de ani-

mación á lectura, teatro e expresión corporal, manualidades, debuxo e cociña.

Campamentos deportivos

Terán lugar entre o 2 e o 20 de xullo no mesmo horario ca os campamentos urbanos e abranguen a menores con idades entre os 6 e os 16 anos. A temática centrarase de xeito especial no fútbol.

Inscrición e prezo

A inscrición deberá facerse por escrito a través dun modelo xa normalizado que se pode atopar no concello. Debe presentarse no rexistro xunto cunha fotocopia do cartón sanitario dos menores e o xustificante de ter pagado a cota de inscrición. O prezo é de 15,48 euros por semana.

Melloras no colexio máis antigo da vila

Aproveitando a fin do curso escolar, este verán acometerase a segunda fase das obras de mellora no Colexio Nº 1. O Xefe Territorial de Educación, Indalecio Cabana, desprazouse recentemente ata Melide para comprobar o estado duns traballos que xa se realizaron en parte o verán pasado e que afectan aos baños de educación infantil.

As obras foron programadas para aproveitar parte da superficie dun almacén contiguo aos servizos e así amplialos habilitando catro váteres máis, un deles adaptado para persoas con discapacidade. Tamén se proxectou un cambiador, unha zona común de lavadoiros e a instalación de piletas adaptadas. O goberno local destaca que as obras repercutirán “positivamente” no benestar dos alumnos e docentes do colexio máis antigo da vila (inaugurado en 1971) e o que posúe maior número de matriculados (71).

Por outra banda, e dentro das actuacións de mellora nos centros educativos da vila, o IES recibiu unha partida económica de 15.000 euros para investimentos en aforro enerxético. Os cartos foron empregados en recubrir con material especial boa parte dos tubos da calefacción, para aproveitar mellor a calor e evitar escapes.

NOTICIAS

Verán no conservatorio

Rematan as clases pero segue a música. A partir do 16 de xullo dan comezo os cursos de verán no conservatorio melidense. A programación foi ideada cun dobre obxectivo: por unha banda, reforzar os coñecementos daqueles alumnos que xa estudan no centro. Por outra, orientar a aqueles que teñen pensado comezar o próximo curso pero que aínda non saben o instrumento que escollerán. Os cursos serán gratuítos.

Fin das obras en Agrón

Concluiron as obras para habilitar a rede de saneamento na parroquia de Santaia de Agrón. A actuación, prevista xa co executivo da anterior lexislatura, contou cun investimento de 46.000 euros e serviu para instalar 547 metros de canalizacións cos correspondentes pozos de bombeo. A nova rede de fecais chegará a unha vintena de casas e dará servizo a preto de 40 veciños. A obra completouse co asfaltado das pistas.

Proba superada cun 10

O Colexio número 2 acolleu na recta final do curso un simulacro de incendio que resultou ser todo un exemplo de como facer unha correcta evacuación. O alumnado do centro non estaba ao tanto do que ía acontecer pero a saída foi totalmente ordenada. O concelleiro de Educación, Santos López, asistiu ao simulacro e felicitou tanto aos mestres como aos bombeiros de Arzúa pola súa profesionalidade e labor pedagóxica.

Servizo de ITV móbil

O servizo móbil da Inspección Técnica de Vehículos (ITV) recalará en Melide no mes de xullo. Estará na vila entre os días 16 e 20, ámbolos dous incluídos, e situarase, como é habitual, na rúa Mejuto Cordido. O horario de atención será de 9:00 a 13:30 pola mañá e de 15:30 a 18:00 pola tarde. O día 20 o servizo só estará dispoñible ata as 13:30 horas. É obrigatorio solicitar cita previa. Pode facerse chamando 881 920 977

BREVES

A fin de Preescolar na Casa deixa orfa a comarca

A falta de axudas obriga a pechar a fundación e 99 familias da contorna quedan desatendidas

“Preescolar na Casa foi todo para min, a nivel persoal e profesional. Traballar aquí e formar parte deste proxecto fíxome ser mellor nai”. Con grande pesar, Chus Villasante, coordinadora do programa Preescolar na Casa na comarca do interior de Galicia, refliciona sobre a transcendencia dun proxecto educativo pioneiro que bota o peche 35 anos despois da súa creación. A retirada de subvencións por parte da Xunta de Galicia abocou á fundación a un ERE de extinción que no referente á Terra de Melide e a súa contorna deixa sen servizo a un total de 99 familias.

No local que Preescolar na Casa tiña en Melide, na parte traseira do Edificio Multiusos, tan só queda a testemuña da inmensa labor que alí se realizou durante anos. Son contos, revistas, xoguetes e unha mancha de material educativo que Chus Villasante empaquetou en caixas e bolsas ata deixar a aula espida; catro paredes de cores. “Aquí faciamos o denominado Espazo das Familias”, comenta, “reunións quincenais onde pais e



Chus Villasante no local de Preescolar na Casa en Melide, agora baleiro

nais falaban dos temas que lles preocupaban e intercambiaban experiencias. Tratábase de que coñecesen mellor aos fillos e queoubesen como comportarse con eles e como axudalos en cada unha das etapas polas que vai pasando un cativo entre os 0 e os 3 anos”.

As caixas amoreadas nun recuncho do local non só conteñen libros e xoguetes. Gardan tamén moitos anos de vocación e dedicación a un proxecto que naceu “para suplir as carencias do mundo rural e para que todas as familias tivesen as mesmas oportunidades”. Chus Villasante co-

ñece coma a palma da man cada pista e cada aldea dos concellos de Melide, Arzúa, Toques, Santiso, Boimorto e Sobrado, nos que fixo miles de quilómetros para dar a coñecer as bondades deste proxecto educativo e animar aos pais a participar del: “ao principio comezaban coa idea de que ían xogar cos seus fillos pero pouco a pouco decatábase de que todas as reflexións ían deixando pouso e ao final iso tiña unha aplicación na casa”. A adquisición da linguaxe, a expresión artística, a autonomía, a autoestima, como quitar os cueiros ou

como afrontar unha rabecha son algúns dos temas tratados nesta escola de pais que xa é historia dende o pasado 30 de xuño.

Os tempos cambiaron dende os comezos nos que se visitaba casa por casa e precisamente ese é o principal argumento que esgrime a Xunta para non renovar a subvención de medio millón de euros que levaba aportando a administración autonómica dende hai décadas. Para a conselleira de Benestar Social, Beatriz Mato, “a situación do rural non ten nada que ver co de hai 35 anos nin co de hai 3 anos. As gran-

xas agora son empresas e hai escolas infantís onde non as había”. Para Chus Villasante, convencida de que Preescolar na Casa é un servizo necesario e demandado, “o único problema é que non temos cartos, porque familias temos moitas”. O ano pasado atendéronse 3.000 en toda Galicia e máis de 100 asistiron á festa celebrada a finais de xuño na área recreativa dos Chacotes, en Palas de Rei, no que foi unha celebración “bonita pero moi triste”, o anticipo dun final anunciado.

Semella que a fin deste capítulo deixa numerosas eivas que as escolas infantís non van cubrir: “é un erro confundir o traballo dunha gardería co de Preescolar na casa. Alí deixas o neno e vaste, non interactúas con el. Con nós os pais tiñan a oportunidade de compartir actividades e reflexionar sobre os comportamentos dos seus cativos”, explica Chus Villasante. Para esta mestra e orientadora, ante o abismo ábrese unha alternativa que pasa polos concellos: “dixenlles ás familias que vaian aos concellos e que pidan un servizo de orientación familiar. O de Toques buscou a forma de manter o programa durante os meses que eu estiven no ERE de suspensión”.

Con todo, insiste en que “nada vai ser o mesmo ca Preescolar na Casa” e, coa mirada fixa nas caixas que acaba de empaquetar, fai unha última reflexión: “parece mentira que acaben así 35 anos”.

Suárez Cortiñas mantén que o PP deixou hipotecado o futuro de Santiso

O alcalde de Santiso, Fernando Suárez Cortiñas, acusa ao anterior goberno local, liderado polo popular Ovidio Leiva, de realizar unha “pésima xestión económica” que está a comprometer o futuro do municipio. Segundo Suárez Cortiñas, facer fronte ás facturas “esquecidas nos caixóns sen aboar” e emitidas entre 2007 e 2011 obrigou a “recortar boa parte dos orzamentos deste ano e dos vindeiros”, algo que limitará a capacidade futura do concello para facer novos investimen-

tos. Ao lastre da débeda, que cifra en 893.519 euros, o alcalde suma os recortes nas subvencións e augura que os próximos tres anos “non van ser fáciles”, en especial para os servizos sociais: “Santiso ten unha poboación moi envellecida que necesita todo o noso esforzo e non damos chegado a máis”, sinala.

Ante tal perspectiva, Suárez Cortiñas pide paciencia aos veciños e destaca que todas as débedas con provedores anteriores a 2012 foron saldadas a pesar de encontrar o concello

nunha situación económica que cualifica de inasumible: “ao día seguinte de tomar posesión atopamos as máquinas paradas por falta de combustible e, o que é peor, non tiñamos quen o servira por mor das débedas acumuladas”.

Coalición estable

Por outra banda, Suárez Cortiñas sae ao paso das críticas realizadas polo PP contra o tripartito e defende a solidez “demostrada” e a vocación pública do equipo de goberno: “a parella política desnaturali-



Fernando Suárez Cortiñas, alcalde de Santiso

zada naceu no ano 2007 cando Ovidio Leiva tomou posesión. Todos os veciños de Santiso recordamos que foi

unha investidura grazas á compra e venda de transfugas, saltando o acordo de partidos en contra do transfuguismo”.

→ → Camino de Santiago → → IMPRESCINDIBLES DEL PEREGRINO EN MELIDE



Ponte románica de Furelos

EN MELIDE



Albergue Turístico

O Apalpador

Rúa San Antón, 21
15800 MELIDE (A Coruña)

Teléfono: 981 507 911
(Coruña, Galicia)

albergueapalpador@gmail.com
www.albergueapalpador.com



Praza do Convento

Pousada Chiquitín

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es • info@pousadachiquitin.es

CAFETERIA CHAPLIN

Platos combinados, pastas, caldo

Cafetería IVORY

DESAYUNOS - TAPAS - PASTAS

Tfno.: 981 50 70 03
Camiño de San Roque, 1

15800 MELIDE (A Coruña)

50º ANIVERSARIO

Pulpería EZEQUIEL

Por nuestros clientes y calidad nos conocen en todo el mundo

Tfno./Fax: 981 50 52 91
Móvil: 686 38 33 78
Ctra. de Lugo, 48
15800 MELIDE (A Coruña)

cafetería Cervecería stop

Localización: MELIDE

Desayunos:

1. Café con leche doble, chupito de zumo de naranja natural natural y croissants: 2,30 €
2. Café con leche doble, tostadas de pan artesano o bollería, chupito de zumo de naranja natural: 1,95 €
3. Café con leche doble, tostadas de pan artesano o bollería y zumo de naranja natural grande: 4,00 €

RESTAURANTE - PULPERIA

Alfonso II

Especialidade en comida gallega tradicional desde 1907

PULPERIA - RESTAURANTE - COCINA DE TRADICIÓN GALEGA

Camiño de Lugo, 82
MELIDE (A Coruña)

Tel: 981 50 75 84
Móvil: 675 26 50 54

Ezequiel

eventos privados

Excelentes Menús, regados con vinos RIOJA

Travesía do Sol, 7 - 15800 MELIDE
Telfs: 981 505 291 - 686 583 378

CASA DE LOS SOMOZA

TURISMO RURAL

CASA DE LOS SOMOZA

Tfno./Fax: 981 50 73 72 • Móvil: 687 39 20 90
Coto - Leboreiro - MELIDE (A Coruña)

Pulpería A GARCÍA

Móvil: 605 883 268
Camiño Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garmachamende@gmail.com



**ORGANIZAMOS
AS MELLORES
FESTAS DA FIN
DE SEMANA!!**

Xa está aberta a nosa

**TERRAZA
DE VERÁN**

VISÍTAA!!



Novos atrasos na estrada que une Ribadulla e Melide



A Deputación non concreta prazos para o remate definitivo das obras

A decisión da Deputación da Coruña de reducir unha curva perigosa na vía que une Ribadulla con Melide retrasará aínda máis a fin das obras de mellora nesta estrada. A modificación do tramo, que ten unha lonxitude de 200 metros, obrigou a reformular o proxecto, uns cambios que serán aprobados en breve polo entre provincial e que obrigan a prolongar os traballos. Este atraso, que segundo a Deputa-

ción non suporá un incremento no presuposto de 1,3 millóns de euros destinado para as obras, súmase ao causado pola construción da ponte sobre o Río Catasol, outro dos puntos perigosos desta estrada provincial.

Os traballos na vía afectan no seu conxunto a un tramo de 10 km, na maioría dos cales a plataforma xa foi ampliada. Só falta por colocar a sinalización vertical e horizontal.

Música e cultura inundan o fin de curso en Visantoña



Os máis pequenos da escola de música deleitaron coa súa actuación

A Asociación Cultural Banda Escola Música de Visantoña celebrou o pasado día 30 de xuño o festival de fin de curso. Durante algo máis de hora e media o pavillón polideportivo da vila acolleu un variado espectáculo musical e cultural que contou coa participación do grupo de gaitas O Fol da Chousa e o grupo de acordeóns Aturuxo da Devesa. Non podía faltar a actuación dos nenos e nenas da escola de

música Eugenio Pazo Reyes, incluído o coro infantil, o grupo de danzas tradicionais e o instrumental. A actuación dos adultos completou o espectáculo. No remate do festival o presidente da asociación, Fernando Camino, expresou o seu agradecemento ás preto de duascenas persoas que acudiron ao evento e pediu apoio “para que a música siga sendo bandeira da nosa terra durante moitos anos máis”.

Santiso repite como destino turístico con “Goza do Ulla”

Dezanove municipios bañados polas augas do Ulla unen forzas por segundo ano consecutivo para potenciar o río como atractivo turístico e cultural. Representantes de todos os concellos mantiveron un encontro en Touro o pasado 19 de xuño co obxectivo de darlle maior impulso a un programa de promoción turística iniciado o ano pasado por iniciativa dos concellos de Santiso, Arzúa, Touro, Vedra e Boqueixón. Agora, con novas adhesións ao proxecto e baixo a mesma denominación, “Goza do Ulla”, veñen de poñer en marcha un conxunto de actividades para dar a coñecer as distintas rutas de sendeirismo que transcorren á beira do río por cada un dos concellos. O programa, que xa na edición anterior tivo unha grande aceptación entre veciños e visitantes, é coordinado dende as administracións locais e sairá á luz a mediados do mes de xullo.

Últimos días para poñer en regra o pago do IBI en Sobrado

Ata o 13 de xullo os veciños de Sobrado poderán regularizar a súa situación tributaria no referido ao Imposto de Bens Inmóveis (I.B.I) por alta, ampliación ou reforma. Para tal efecto, a empresa Eibisa Norte S.L desprazouse ata o concello e está a atender aos interesados no salón de plenos en horario de 9:00 horas a 16:00. Os propietarios do inmoble que deban regularizar a súa situación tributaria ante o Ministerio de Economía e Facenda terán que aportar a seguinte documentación: recibo de pago do Imposto de Bens Inmóveis, fotocopia do DNI do titular e do representante, fotocopia da escritura de propiedade, fotocopia da escritura de obra nova e división horizontal, fotocopia de planos de situación e de plantas, fotocopia do certificado de fin de obra ou licenza de primeira ocupación e fotocopia da licenza de obra.

400 toquenses participan no xantar da terceira idade



A specto do polideportivo municipal durante a celebración do xantar

A chegada do verán trouxo a Toques unha das celebracións que, sen ter patrón, está entre as máis agardadas do almanaque festivo: o xantar da terceira idade, unha festa que se organiza dende hai varios anos e que xa se está a converter nunha cita ineludible non só para aqueles que sobrepasaron a idade da xubilación senón tamén para os que teñen algúns anos menos. O pavillón

polideportivo municipal converteuse nun restaurante a grande escala no que arredor de 400 veciños da vila gozaron dun xantar popular. Previamente celebrouse unha misa, como é tradicional, e despois de dar conta do menú, a sobremesa estivo amenizada pola música do dúo Son Latino, ao ritmo do cal foron moitos os que se animaron a botar unhas pezas de baile.

Un percorrido de 18km pon fin ás rutas de sendeirismo



Participantes na ruta durante unha parada no Forno dos Mouros

O tempo non acompañou o día da “Gran Ruta de Toques”, organizada o 30 de xuño, pero os sendeiristas que fixeron fronte ás adversidades climatolóxicas foron quen de completar sen problema, en catro horas, un percorrido circular polo concello co que se puxo fin ao programa de rutas de sendeirismo iniciado no mes de abril.

O itinerario, de 18 quilómetros, comezou na área recrea-

tiva de Souto, pasando por Mourelas ata adentrarse na Fraga do Río Pequeno. Dende alí os sendeiristas ascenderon polo antigo Camiño da Toca ata a Capela de San Antolín, atravesando despois Morgigueira e Abucide ata pasar polo alto do Corisco (de 764 metros) e chegar á Penamoura e ao Forno dos Mouros. Dende alí iniciouse a baixada para rematar punto de partida.

FALA A OPOSICIÓN: BNG DE TOQUES

“O único que fixo o goberno dende as eleccións foi dar luz verde ao salario dos cargos políticos”

A pesar da súa xuventude José Ángel Penas leva ás súas costas case dez anos de experiencia nos asuntos municipais; unha traxectoria que lle permite coñecer ben como se moven os fíos da política en Toques. Comezou como independente no ano 2003, nunha época que define como “escura”, e agora baixo as siglas do BNG exerce a portavocía do único grupo polí-

tico que fai oposición ao executivo de coalición formado por PP e XCPT. Convencido de que a política serve para cambiar o rumbo das cousas, critica o inmovilismo no que ao seu xuízo está sumido o goberno de Toques. A suba de taxas, a rede natura e a súa posible ampliación ou a xestión turística e económica son algúns dos temas que repasa en Fala a Oposición.

- Parece que a coalición de goberno en Toques funciona de xeito compacto. Comparte esta idea?

- José A. Penas (J.A.P): Non é un bloque tan compacto como poida parecer. Hai descoordinación e en moitas ocasións cada un vai por seu lado. En xeral o PP traza as súas liñas á marxe dos independentes de XCPT, que as descoñecen ou chegan a coñecelas tarde. Manteñen unhas pautas para garantir a gobernabilidade pero hai moitas diferenzas entre eles. Evidenciouse por exemplo na votación para elixir ao xuíz de paz, onde non tiveron unanimidade, e máis recentemente coa comida da terceira idade. Parte dos concelleiros de XCPT non sabían que a había. En definitiva, están unidos para permanecer no sillón de mando pero non para tomar decisións que beneficien a Toques.

-No caso da Rede Natura fixeron fronte común contra a súa ampliación.

-J.A.P: Ao PP non lle quedou máis remedio ca tomar cartas no asunto porque a xente comezou a enfadarse. De todas formas non se fixo todo o que se podía facer dende o equipo de goberno. Nas xuntanzas cos cargos da Xunta non quitaron nada en limpo e nin sequera contactaron cos técnicos para que expuxeran a súa opinión ante a xente e resolveran as súas dúbidas. O problema xurdiu no mesmo momento no que se implantou a Rede Natura. Houbo unha gran desinformación; moita xente non foi consciente e soubo anos despois que estaba afectada. Pintárono moi bonito e só trouxo prexuízos. Iso non pode volver a suceder. Dende o BNG estamos intentando que se presente unha pregunta no parlamento galego para sa-



José Ángel Penas, voceiro do BNG no concello de Toques

ber en que estado se atopa a tramitación.

-Estase aproveitando a riqueza natural de Toques de cara ao turismo?

-J.A.P: Toques ten un potencial turístico e natural moi bo pero non se está facendo nada para explotalo. É un dos sectores que máis lle pode aportar ao concello nestes momentos económicos nos que outras alternativas, como un parque empresarial, son inviables por culpa da crise. Aínda así, nin sequera se renova a páxina web, que leva meses sen actualizar e está moi atrasada. Non son capaces de dar un paso tan básico e elemental coma ese. Co albergue pasa algo parecido; hai unhas boas instalacións sen ningunha actividade. É un campo no que hai que traballar moitísimo e o concello non fai nada.

-Como valora a xestión no resto de áreas?

-J.A.P: O concello leva practicamente paralizado dende as eleccións ata agora. O único que se fixo foi dar luz verde ao salario dos cargos políticos e pouco máis. Nós fixemos unha proposta para que se recortasen pero foi rexeitada. No concello hai demasiados cargos cobrando que non aportan nada, e mentres a xente segue tendo os mesmos problemas. De cara ao pobo o único que fixeron foi recortar servizos, sobre todo na axuda a domicilio. Pola contra, mantiveron a festa para a terceira idade. Creemos que non era algo necesario coa que está caendo.

-O BNG foi moi crítico coa suba de taxas. Son medidas necesarias en tempos de crise?

-J.A.P: Son necesarias sem-

pre e cando os concellos presten os servizos axeitadamente. Non me parece lóxico que neste momento se suba a auga en Toques cando o subministro non é bo, nin que se suba o lixo cando o servizo presenta carencias, ou que aumente o imposto de vehículos cando todas as estradas están en mal estado e con furados. Tamén subiron a taxa por usar o polideportivo, que ten unha actividade mínima. Iso é pecharlle as portas á pouca xente que fai deporte.

-Serían partidarios dunha fusión para mellorar a prestación dos servizos?

-X.M.S: A fusión non sería o ideal. O mellor sería compartir servizos como a recollida de lixo ou a asistencia social, porque a fusión sempre prexudica ao máis pequeno. Fusionar é unha postura moi arriscada de

momento e non beneficiaría aos veciños.

-Os concellos están moi limitados pola crise. Neste contexto, os gobernos son meros xestores ou aínda inflúe a ideoloxía?

-J.A.P: Sexa o momento económico que sexa, un partido que goberna sempre ten que tomar decisións. E nas decisións inflúe a ideoloxía. Nese sentido, claro que hai diferenzas entre un partido e outro. Agora, coa desculpa de que non hai cartos, os gobernos son conformistas cando a administración central ten a súa mesma cor. Se goberna o PP e por arriba está o PP, conformámonos co chega e non protestamos polo que falta.

-Por que deu o salto á política?

-J.A.P: Empecei no 2003 e creo que foi un pouco por necesidade. Vía que se facían cousas verdadeiramente raras nun concello que estaba atrasado e tiña políticos moi asentados no goberno e que nos conducían cara a un declive constante. Comecei para cambiar o rumbo das cousas.

-E cambiou o rumbo dende aquela?

-X.M.S: Si, sobre todo dende o 2007, no que mudou o goberno local e entrou o tripartito. Cambiou sobre todo a mentalidade da xente, porque ata ese momento había bastante medo a falar de política en Toques. Era unha situación de escurantismo. A partir de entón notouse un cambio, aínda que á xente lle segue custando. De todas formas agora hai un espírito crítico coa acción de goberno e nese sentido estou contento porque significa que os veciños se expresan libremente sobre o que lles gusta e o que non.



Marcelle, 6 - Outeiro de Rei (LUGO)
Telf: 982 160 211
info@marcellenatureza.com
www.marcellenatureza.com



Restaurante LA CABAÑA DE MARCELLE

Situado a 10 minutos de Lugo, nun entorno incomparable e construído totalmente sobre troncos de madeira, o Restaurante La Cabaña de Marcelle, que se atopa dentro do propio zoo, ofrécelle aos seus clientes unha esmerada carta baseada na cociña tradicional e nas carnes, a súa especialidade. Poderán degustar bisonte, canguro, cebrá, gacela...

MENÚ DO DÍA: de luns a venres (excepto festivos)

MENÚ INFANTIL: todos os días da semana

MENÚ CARNES EXÓTICAS: previa reserva

Carne de buey
Ternera gallega
Lechazo castellano
Quesos Arzúa-Ulloa

*Garantía
de confianza*



Tfno: 615 360 089
Avda. de Lugo, 83
15800 MELIDE (A Coruña)
carrizodistribuciones@gmail.com
www.distribucionescarrizo.com

Miss e Míster Melide aspiran a triunfar entre os guapos de Galicia

A vila acolle o día 8 de xullo a XIX edición do certame galego da 3ª idade

O recuperado certame de Miss e Míster Galicia Terceira Idade chega este ano á súa 19ª edición para congregarse en Melide aos máis guapos e guapas de entre todos os xubilados galegos. A cita será o vindeiro domingo 8 de xullo no Cantón de San Roque. Na loita por facerse co cetro da beleza estarán tamén os representantes locais, Dolores Valiño e Modesto Fernández, que conseguiron o pasaporte para o certame galego tras proclamarse recentemente Miss e Míster Melide 2012.

Foi no transcurso dunha gala organizada o pasado 17 de xuño no Centro Social da vila e á que asistiu unha mancha de xente para ver desfilar os candidatos e gozar dunha tarde de lecer. O mal tempo impediu celebrar a elección ao aire libre, tal e como estaba previsto, pero as instalacións do edificio convertéronse nunha auténtica pasarela pola que desfilaron sete mulleres e tres homes que vestiron as súas mellores galas para tratar de convencer a un tribunal integrado por membros do goberno local e socios do centro.

Entrega de bandas

Tras preto de media hora de deliberación, o xurado emitiu



Dolores Valiño, Miss Melide 2012, e Ánxeles Vázquez

o ditame no que se proclamaba a Dolores Valiño Miss Melide 2012. Fíxose co título á segunda tentativa, ao igual ca o candidato elixido Mister Melide, Modesto Fernández, un home de 76 anos que leva dezaseis vivindo na vila. Os dous recibiron unha placa conmemorativa e a correspondente banda que os acredita como os máis guapos do concello.

Non foi, porén, a única distinción que se entregou. Houbo máis premios e María Carmuega, da Agolada, fíxose coa banda de Miss Elegancia. Placeres Fray, de Toques, gañou a de Miss Fotoxenia e Mª Carmen García a de Miss Simpatía. Jesusa Vázquez foi escollida Miss Beleza e Virtudes Sobrado Miss Marchosa. Por último, Finucha Miguélez fíxose coa banda de Miss Verán. Na categoría masculina, Jesús Abad foi distinguido como Míster Simpático e Jesús Vázquez como Mister

Elegante. A xornada rematou con petiscos e música para participantes e asistentes.

Cero recortes

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, que participou no evento como membro do xurado, destacou a importancia lúdica de celebracións como a de Miss e Míster Melide. “Vós xa traballastes arreo e agora toca marxe para a diversión”, sinalou, “o ideal é vivir día a día e poder gozar; a crise é para os novos”. Precisamente en relación coa difícil situación económica, a alcaldesa destacou que o goberno local está a facer “esforzos” para manter as actividades da terceira idade e asegurou que non vai ser un campo no que Melide faga máis axustes: “non se trata de gastar moitos cartos, senón de sabelos gastar ben. A vós non se vos pode quitar máis porque xa volo quitaron no seu día”, sentenciou.

UN DÍA DE CONVIVENCIA, MÚSICA E BAILE PARA HOMENAXEAR ÓS MAIORES

“Será unha xornada de diversión e ocio, con intercambio de vivencias e unha programación acorde ás preferencias dos asistentes”. Con estas palabras define a Concelleira de Igualdade e Benestar de Melide, Mª Jesús López Mourón, o certame de Miss e Míster Galicia Terceira Idade, que chega á súa 19ª edición e que congregará un ano máis na vila a centos de persoas procedentes das catro provincias.

O concurso propiamente dito celebrarase ás 4 da tarde pero a festa xa dará comezo ás 12:30 cunha sesión vermú amenizada por unha orquestra. As persoas interesadas en participar no certame poderán anotarse ao longo da mañá nun punto habilitado para tal efecto no propio Cantón de San Roque. O único requisito esixido é ter 60 anos ou máis.

O festival estará conducido este ano por un rostro coñecido; Maret, presentadora do programa Luar da TVG. Durante hora e media guapos e guapas desfilarán pola pasarela para tratar de facerse con algún dos premios que se concederán en 12 categorías diferentes. Os ganadores dos títulos de Miss e Míster Galicia serán agasallados con cadansúa viaxe para dúas persoas a un destino sorpresa. Na entrega dos galardóns participará a Concelleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, que xa o ano pasado apoiou coa súa presenza a organización deste certame. Elixidos os vencedores, haberá tempo para o baile da man do artista e cantante Manolito el Pescador e arredor das 6 da tarde dará comezo o tradicional Campionato Galego de Pasodobres.

O Concello de Melide agarda superar as cifras de visitantes da derradeira edición, á que acudiron arredor de 1.000 persoas en 20 autocares chegados de toda Galicia. No concurso participaron 35 mulleres e 14 homes.



Míster Melide 2012 (esquerda) acompañado polos dous finalistas



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



O Baixo o nome “Quentando motores: o teu quilómetro o cara ao emprendemento”, a Dirección Xeral de Xuventude trouxo a Melide o 23 de xuño unha das nove xornadas que programou para toda Galicia no marco do Programa Conecta, unha iniciativa coa que pretende fomentar o espírito emprendedor entre a mocidade. No caso de Melide a xornada centrouse no mundo do motor por ser esta unha vila de bos pilotos, sede de importantes rallies e por contar cunha afección crecente ao deporte do volante.

Precisamente co deporte como campo de referencia no que atopar oportunidades de ocio e de futuro profesional, preto dun cento de mozos e mozas achegáronse ata o instituto para participar das charlas e mesas redondas nas que se abordaron diversas iniciativas de éxito. Tratábase de presentar “experiencias espello”, en verbas do Director Xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro Tato, nas que a xente nova puidese ver “como a través de algo que era a súa ilusión polo mundo do motor, moitos mozos lograron poñer en marcha iniciativas empresariais como

A iniciativa que vai sobre rodas

Profesionais do motor participan en Melide nunha xornada sobre emprendemento e mocidade



talleres, concesionarios ou empresas para organizar eventos deportivos”. Coñecidos pi-

lotos como Sergio Vallejo, campión de España de rallies, Pedro Burgo, Jesús Ferreiro

ou Dani Rivas falan das súas experiencias nunha xornada que tamén presentou o mundo

do motor como un campo apto para adquirir os valores de superación, tolerancia, perseverancia, traballo en equipo ou disciplina propios do deporte.

Xunto a esta “compoñente educativa”, como definiu Rodeiro Tato, fomentouse tamén o ocio responsable. Varias vertentes que a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, definiu como “un cóctel perfecto do que a mocidade vai sacar conclusións claras sobre que podemos facer, a onde imos e que queremos”.

Rematada a quenda matutina, a actividade trasladouse pola tarde ao recinto feiral, que se converteu por un día nun circuito no que bruaron os motores e no que se respirou o cheiro da goma queimada. Dúcias de persoas gozaron coa exhibición de varios pilotos, primeiro ao volante de karts e logo de vehículos históricos, ao tempo que asistiron a un simulacro no que os Bombeiros de Arzúa extinguiron o lume nun coche accidentado. As demostracións contribuíron a outro dos obxectivos desta xornada do Programa Conecta; o de fomentar unha conduta responsable cando nos poñemos ao volante.



O 22 e o 23 de xuño o PUB MODELL de Melide CELEBROU o seu segundo ANIVERSARIO CUNHA FESTA CHEA DE GLAMOUR e BO AMBIENTE na que NON FALTARON GOGOS, DRAG QUEEN, AZAFATAS e UNHA MOREA DE PREMIOS.

O ÉXITO FOI ABSOLUTO DURANTE OS DOUS DÍAS. É POR ISO que PUB MODELL seguirá ORGANIZANDO as MELLORES FESTAS DA MOVIDA MELIDENSE TODAS as FINS DE SEMANA DO VERÁN.

FESTA DO SAN CRISTÓBAL

Os transportistas celebran o San Cristóbal

Todo está xa preparado para unha das celebracións máis asentadas da comarca da Terra de Melide; a Festa do San Cristóbal, coñecida tamén como Festa dos transportistas, un día de lecer dedicado aos profesionais do sector que se celebra o sábado 7 de xullo.

A xornada comezará, como é tradición, cunha misa no campo da feira tras a cal se realizará a bendición de camións e coches. Será á unha da tarde. Rematados os actos relixiosos, a celebración trasladarase á Área Recreativa de Furelos, onde os asistentes darán boa conta dun xantar ao aire libre. A tarde estará animada pola Orquestra Aguazul e a charanga Tralla 101. Haberá tamén atraccións e xogos para os máis cativos.

Os membros da comisión do San Cristóbal 2012, Rubén Brey e José Luis Barreiro, agardan que o bo tempo acompañe "xa que a festa é moito máis bonita cando se fai na beira do río", sinalan. En caso de que chova, a celebra-



Rubén Brey e José Luis Barreiro, membros da comisión de festas

ción trasladarase ao Pazo de Congresos e Exposicións.

A comisión decidiu manter o sábado como día para celebrar o San Cristóbal. Tradicionalmente facíase o domingo pero o ano pasado decidiuse trasladala ao sábado e o cambio, segundo os organizadores, "foi ben visto polo 90% dos transportistas, porque poden

aproveitar mellor a festa sen pensar en que ao día seguinte teñen que coller ruta".

A comisión de festas quere agradecer a través deste xornal a colaboración dos profesionais do transporte, do concello de Melide e das empresas da comarca, unha axuda sen a cal sería imposible sacar adiante esta celebración.

Melide

San Cristóbal 2012

Sábado 7 de xullo

Pasarrúas a cargo da charanga **TRALLA 101**

A continuación misa solemne no Campo da Feira

Á 1 da tarde **BENDICIÓN DOS COCHES**

e logo sesión vermú coa orquestra **AGUAZUL**.

COMIDA NO RÍO FURELOS

Verbena amenizada pola orquestra

AGUAZUL

e a charanga **TRALLA 101**



Cantón de S. Roque, 13
15800 MELIDE
(A Coruña)



Gasóleos a domicilio:
Automoción
Agricultura
Calefacción

Otros productos:
Aceites, grasas
Bombas, contadores
Depósitos homologados

OFICINAS:
C/ Emilio Camps, 2
Tlf: 981.50.60.29
Fax: 981.50.56.74
info@gasogal.com
15800 MELIDE
(A Coruña)



Distribuidor de productos BP

Servicio a domicilio 24 horas

GOODYEAR
DUNLOP
MICHELIN
BRIDGESTONE
Firestone

José Antonio Pampín Mosteiro
- O REI DA RODA -

Tfno: **629 150 455**
Trasmundi - San Cibrao

MELIDE (A Coruña)



JOSE ANTONIO VAZQUEZ MATO
espectaculostony@gmail.com

ESPECTÁCULOS TONY

C/ Taboada Roca, 8 Bajo
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno/Fax: 981 507 882
Móvil: 672 659 795

OFICINA OPORTO
Aguas Santas, bajo 111
OPORTO (Portugal)
Tfno: 00 351 647 19 00 75

Carreira solidaria con parada en Melide

A vila de Melide foi punto de escala para a carreira de relevos "A Santiago contra el cáncer", unha iniciativa coa que a Escuela de Corredores Populares da universidade de León conseguiu reunir 15.000 euros para destinalos á loita contra o cancro. Sesenta e cinco persoas, a maioría deportistas, pasaron a noite do 30 de xullo en Melide antes de iniciar a última etapa da carreira e completar o percorrido que une as cidades de León e Santiago.



Día de Corpus, a tradición máis colorista

Os veciños de Melide, baixo a dirección da asociación socio-cultural Charamela, traballaron durante días para que a vila volvese despertar un ano máis o día de Corpus cun arrecendo especial no ambiente e vistosas alfombras florais nas rúas. Como novidade, este ano incorporouse viruta pintada ás composicións vexetais e tamén se recuperou a tradición dos altares. Centos de visitantes admiraron este magnífico traballo.



Restaurante Casa Quinzán aposta pola cata de viños

As catas de viños están a ter cada vez máis implantación en Melide, ata punto de formar parte habitual da axenda dalgúns negocios da vila. Tal é o caso do Restaurante Casa Quinzán, que acolleu con notable éxito nas últimas semanas dúas catas. A primeira delas celebrouse en colaboración con Casa Alongos e serviu para degustar un Rioja ecolóxico, "Ardanta". Na xornada tamén participou o negocio local Serra do Castro, que achegou os seus produtos tra-

dicionais. Na segunda cata o protagonismo foi compartido entre varios viños da adega Ponte da Boga: un godello e dous tintos, un deles "Alai", un reserva da Ribeira Sacra. Na degustación participaron o director comercial de Ponte da Boga, Carlos López, e o enólogo Rubén Pérez.

Tralo remate das catas, servíronse tapas elaboradas polo propio Restaurante Casa Quinzán, que a partir do mes de setembro retomará as degustacións de viños.



Manolo Ribeirao, Carlos López, Marina Ferreyra e Rubén Pérez

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial

Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
Prado Rey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia,
Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
Lusco
Veigadares
Terra D'Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras



Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).



Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com

O conservatorio cumpre vinte anos presentando tres novas agrupacións

O Conservatorio Municipal de Melide celebrou unha das festas de clausura de curso máis especiais dos últimos tempos. Non só porque serviu para conmemorar o vixésimo aniversario da súa entrada en funcionamento, senón tamén porque foi o marco escollido para presentar tres novas agrupacións nas que os máis pequenos son os protagonistas; todo un exercicio de iniciativa e dedicación e unha mostra de que este centro de formación musical ten por diante un futuro prometedor.

O concerto celebrouse na igrexa parroquial o 28 de xuño e contou coa asistencia de numeroso público que aplaudiu de xeito especial as actuacións dos máis cativos, entre elas a da Orquestra Infantil, que foi a primeira das novas formación que se presentou. Está integrada por case trinta nenos e nenas de entre catro e once anos que, sen cursaren estudos oficiais, xa demostran unha gran destreza co instru-



Actuación do coro infantil do conservatorio

mento. Estreáronse tocando “Campanitas” e “Old McDonald had a farm”. Trala súa actuación presentouse outra nova aposta do conservatorio municipal, o Grupo de Percusión, dirixido por Antonio Ocampo, membro de Odaiko Percussion Group.

A xornada aínda deparaba outra novidade máis e, como non hai dous sen tres, tamén se presentou oficialmente o

Grupo de Guitarras do conservatorio, dirixido polo profesor Sergio Franqueira.

O festival de fin de curso incluíu unha completa programación na que tamén tiveron cabida outras formacións do centro como o coro, o Grupo de Cámara, o Grupo Folk, a Orquestra e, por último a Banda. Na gala tamén participaron os solistas melidaos Xoán Curros e Fátima Lea.

San Xoán con chocolate na Capela de San Roque



Unha gran fogueira arde no entrono da Capela de San Roque

Entre as moitas tradicións propias do San Xoán, existe unha en Melide de carácter menos ancestral que consiste en achegarse ata a cacharela que acende a Asociación de Amas de Casa da vila para pasar un bo momento e gozar en compañía de veciños e veciñas. Non foi este ano unha excepción e o lume volveu arder nunha finca próxima á Capela de San Roque, o lugar

escollido habitualmente para a celebración.

Por iso de transgredir algo as tradicións, non houbo sardiñas que untasen coa súa graxa o pan de millo pero o que non faltou foron tazas de chocolate quente para repoñer forzas e quentar o corpo. A isto contribuíu tamén non só o lume senón a música de Suso de Boente, que animou a noite coas súas cancións.

Fin de tempada con trofeos para o Atlético Melide

A fin da tempada trae boas novas para o Atlético Melide. O equipo local vén de conquistar un éxito notable no campionato de fútbol base Concello de Touro, que se disputou no campo de Loxo. Os melidenses fixéronse co Trofeo fútbol 11 infantil ao vencer con claridade ao Arzúa por 3-0 na final. No IV Trofeo fútbol 7 alevín, o Atlético rematou no terceiro posto logo de impoñerse ao Conxo por 2-0. Centos de afeccionados gozaron co xogo dos máis cativos nunha cita que contou coa presenza do adestrador Fernando Vázquez e do ex árbitro Raúl García de Loza.

Copa Deputación

O campo de fútbol municipal foi o lugar elixido para disputar a final da Copa Deputación feminina, que enfrontou á Milagrosa, de Compostela, e ao Friol. A vila foi escollida pola súa situación xeográfica e polas boas condicións do terreo de xogo. As de Friol fixéronse co triunfo tras vender por un contundente 4-0.

Instrumentos e voces que fan medrar Melide

Herba Grileira clausura o curso cunha actuación na Sala 600

“¿Sabes ben o que é o Gaitero? / O Gaitero é unha cousa / que non se lle topa exemplo. / É a alegría dos vales, / dos montes e dos outeiros; / das xentes é o consolo, / é o solaz e recreo, / e dos tristes corazóns / quita os pesares por dentro”. Así comeza a que se considera a máis fermosa definición que se escribiu sobre o gaitero. Son versos de Xoan Manuel Pintos que colleiron forma propia na festa que organizou o 16 de xuño a escola de música e canto tradicional de Herba Grileira para celebrar a fin de curso.

Quedou pequeno o aforo da Sala 600 de Melide para ver o traballo realizado ao longo do ano polos máis de 70 alumnos dunha escola que pretende conseguir algo máis que o dominio da voz e dos instrumentos: “ensinamos o nome das pezas, os autores e a súa orixe”, sinalou a condutora do acto, “e o máis importante; o respecto pola cultura e a necesidade de transmitila”. Ás verbas axiña seguiron os feitos e



Un momento da actuación do grupo de acordeóns

con xente mesmo escoitando dende a porta comezou un espectáculo de case hora e media coa actuación do grupo de gaitas e percusión. Cativos e adolescentes que arrincaron o aplauso do público e deron paso ás nenas e mulleres do grupo de canto tradicional, unha disciplina que se incorporou este curso. Non defraudaron na súa terceira vez sobre os escenarios, logo de

terse estreado no concurso de cantos de reis de Boimorto e na Foliada de Melide.

Tampouco o fixeron os alumnos de acordeón, unha das ensinanzas máis demandadas e a aposta da escola de Herba Grileira para vindeiros cursos. Valses e habaneras abriron o apetito dos asistentes para completar a actuación con voces nunha segunda rolda. De seguido, doce gaitas

sobre o escenario fixeron cumpri-la homenaxe ao citado poema de Xoan Manuel Pintos e tiveron tamén presenza na actuación de peche xunto coa percusión e a acordeón. Previamente os mestres da escola tamén interpretaron unha peza na que deron mostra de que os seus alumnos están en boas mans.

Dende a súa fundación hai menos de tres anos, a Asociación Cultural e Musical Herba Grileira está a supoñer un auténtico revulsivo para a cultura tradicional, que na vila xa tiña profundas raíces. “Con estas cousas Melide medra”, proclama un señor de pelo branco mentres abandona a sala logo de aplaudir a rabiar. “¡O Gaitero...! Velo ahí vai / para o romaxe correndo, / levando as mellores mozas / detrás del polo vieiro, / os mancebos e rapaces / e tamén os homes vellos, / todos cos ollos cravados / nas prumas do seu prumeiro, / no ronco e nas suas borlas, / no ronquillo e no punteiro.”

Escuela Ayude remata a tempada arrasando nos premios do deporte

A Escuela Ayude de Melide foi a gran triunfadora no Premios do Deporte 2011/2012 que se outorgaron o pasado 30 de xuño na vila en coincidencia coa cena de gala coa que a escola de loita pon fin á tempada deportiva. No evento, ao que asistiron máis de 100 comensais entre competidores, familiares, representantes dos clubs de toda Galicia e membros do goberno local, a Escuela Ayude recibiu un recoñecemento ao labor e ao esforzo realizado durante os últimos meses.

O traballo feito traducíuse en premios e Nahum Ayude foi distinguido como mellor deportista infantil masculino. Idéntica distinción conseguiu Patricia López Andrés na categoría feminina. Tamén houbo premio por partida dobre na categoría xuvenil, co recoñecemento de mellores deportistas para Cora Ayude e Aron Ayude. A escola melidense tamén recibiu o galardón ao mellor equipo infantil. Na



Na cena de gala despediuse a Robert Iordache, alumno do centro. Detrás, o seu pai, Santos López e José Ayude

categoría de mellor adestrador, o premio foi para José Manuel Ayude.

Copa Deputación

Na mesma fin de semana, Melide acolleu a segunda edición da Copa Deputación de kick boxing, na que participaron 80 loitadores de toda Galicia. A Escuela Ayude, cun total de 10 ouros, conseguiu o trofeo. Os ganadores do metal máis

prezado foron: Fernando Cabado, Miguel Villamor, Patricia López, Guillermo López, Cora Ayude (dous), Carlos Adán, Marcos Rúa, José Conde e Marcos Cotos.

O próximo día 7 de xullo o Pazo de Congresos de Melide acollerá o I Día do Deporte da Escuela Ayude, que consistirá nunha xornada de portas abertas sobre as disciplinas que se imparten no centro.

Ferreiro busca en Avilés facerse co liderado do campionato de históricos

O 7 de xullo dispútase na localidade asturiana de Avilés a quinta proba do Campionato de España de Rally para vehículos históricos, unha cita na que Jesús Ferreiro e Javier Anido poderían dar o salto ao primeiro posto da clasificación xeral. Os pilotos melidenses, que ocupan na actualidade o segundo lugar con 130 puntos, 27 menos ca o líder, Toño Sainz, buscan dar un golpe de efecto para facerse co liderado.

A boa actuación na derradeira das probas disputadas, o Rally de Pravia, tamén en Asturias, supuxo xa un paso importante no seu obxectivo. Ferreiro e Anido remataron a 5 segundos e 2 décimas dos ganadores, os locais Manuel Antonio García "Lolo" e Javier Rodríguez, que se proclamaron vencedores por segundo ano consecutivo. Non obstante, os pilotos melidenses conseguiron a primeira praza a efectos do Campionato de

España, xa que o equipo asturiano non puntúa para esta competición.

A proba arrincou o 8 de xuño con dúas pasadas ao tramo urbano de Pravia e completouse ao día seguinte con oito probas especiais máis disputadas baixo unha chuvia que complicou o estado dos tramos. Os pilotos pravianos souberon sacar partido da climatoloxía cambiante na xornada matutina pero pola tarde Ferreiro e Anido aproveitaron os tramos favorables ao seu Porsche Carrera RS 3.0 e puxeron contra as cordas a Lolo e Rodríguez, que acabaron vencendo por unha vantaxe mínima. No terceiro chanzo do podio quedaron Toño Sainz e e Javier M. Cattaneo a 2 minutos e 16 segundos.

Tralo Rally de Avilés a competición fará un descanso. O regreso será na Terra de Melide, os días 21 e 22 de setembro, co IV Rally de Galicia Histórico.

Melide celebra na rúa a vitoria da Roja

Ducias de melidenses quixeron ser partícipes do acontecemento histórico e botáronse á rúa para celebrar a vitoria da selección de española de fútbol na Eurocopa 2012. Foi un día de ambiente festivo en bares e terrazas mesmo antes de que comezara o partido. Bufandas, bandeiras, nervos, ilusión e sobre todo esperanzas de repetir o éxito do 2008. Coa vitoria por 4-0 a alegría desbordouse e invadiu, literalmente, o Cantón de San Roque e as zonas próximas.



Multitudinario 37 aniversario do Cire

O Cire Melide celebrou o 16 de xuño 37 anos de andaina no mundo deportivo. Fíxoo cunha completa xornada de actividades que reuniu a centos de cativos e maiores e nas que se combinou o fútbol coa comida e a diversión. Durante toda a mañá o Campo Municipal foi escenario de varios partidos e xa pola tarde o Pazo de Congresos acolleu un xantar de confraternidade que rematou cunha sesión de baile e xogos e actividades programadas para os máis pequenos.



Os tiradores de esgrima certifican o seu progreso



José Ayude e os tiradores da escola no Criterium Nacional de Esgrima

Con paso firme e seguro os alumnos da Escuela Ayude continúan progresando en esgrima, a última das disciplinas que o centro melidense incorporou á súa ensinanza. Mostra desa mellora técnica son os bos resultados acadados polos tiradores locais no Criterium Nacional de Esgrima para menores de 10 e 11 anos, que se celebrou o pasado 17 de xuño na madrileña localidade de Pinto. Máis de 600 menores

de toda España acudiron a unha cita na que os representantes de Escuela Ayude conseguiron clasificarse entre os mellores: Patricia López Andrés logrou o 16º posto en M12 e idéntico resultado conseguiu Nahum Ayude en M10. Tamén nesta última categoría, Marcos Villamor rematou en 24º lugar. O director da academia melidense, José Ayude, sinalou que estes resultados "saben a gloria".

En Melide



Cantón de San Roque s/n. 1º

Especialidade en almozos a partir das 7 da mañá
Servimos o mellor café de Melide

.....

Lucas Garea, un mozo emprendedor con ampla experiencia no mundo da hostalería non dubidou á hora de retar á crise e lanzarse a unha nova aventura profesional.

Aproveitou a oportunidade que se lle presentaba para inaugurar un novo negocio, Cafetería Arraigos (antigo Vagalume) nunha das zonas máis transitadas de Melide. Neste local, situado no Cantón de San Roque, pódese degustar o mellor café e dar conta de completos almozos, unha das súas especialidades. Completan a carta bocadillos, pratos combinados e racións, xunto cunha ampla oferta de ocio integrada por mesas de billar, futbolíns, salón de televisión e ciber.

Sen dúbida, a mellor opción para pasar un momento agradable.



Lucas Garea e Jesús Guerreiro

MESÓN DA ULLOA, UN CAMIÑO DE SABORES NOVOS APEGADOS Á TRADICIÓN CULINARIA



JOAN ALCALÁ E MAYTE MARTÍNEZ REXENTAN O MESÓN DA ULLOA

Joan Alcalá non entende a vida sen o Camiño de Santiago. Os seus pés suman máis de 35.000 kilómetros percorrendo sendeiros e rutas que forman xa parte da súa historia vital. “Quise quedarme en el camino”, confesa, e foi precisamente ese apego ao itinerario xacobeo que o levou a abrir un negocio aos pés da ruta milenaria. Non importaba o lugar, pero cadrou que foi Palas de Rei. Alí, na Avenida de Compostela, rexenta o Mesón da Ulloa, un restaurante que ofrece pratos innovadores elaborados con produtos artesanais e onde aplica toda a sabedoría aprendida en máis de 40 anos dedicados ao mundo da hostalería.

A variedade gastronómica está asegurada neste establecemento onde os menús galegos de toda a vida adquieren texturas e presentacións diferentes para sorprender ao cliente. Non falta o queixo da Ulloa, “que dá mucho juego en la cocina”, nin especialidades gastronómicas doutras áreas de España, sobre todo de Cataluña, terra natal de Joan. Unha das especialidades da carta, onde non faltan menús para celíacos e vexetarianos, son as carnes á brasa, da mellor calidade. Completan a excelente oferta gastronómica do Mesón da Ulloa sobremesas de autor con nomes tan apetecibles como “Sopa de fresa con helado de coco”.



Avda. de Compostela s/n PALAS DE REI (LUGO)
Telf: 982 374 114

Asistencia financeira, para quen?

Santiago Prado Conde (Chago),
antropólogo

Todo parece indicar que a realidade á que estamos asistindo nos últimos meses chega ao seu fin. Despois de meses falando de rescate ao Estado Español, pois resulta que todos estaban terxiversando as palabras e do que realmente se trata é dunha asistencia financeira aos bancos para ter liquidez e dinamizar a economía.

Polo tanto, podemos estar tranquilos porque os bancos seica son entidades privadas que se farán cargo de asumir o custe da súa solicitude. En cambio, atopámonos ante un paradoxo difícil de explicar á cidadanía. Se quen solicita a axuda son os bancos, por que se volve falar de novas medidas que gravarán na riqueza dos cidadáns? Será que, unha vez máis, están faltando ou, cando menos, non contan toda a verdade? Esta incógnita parece despexarse cando sufrimos a opresión dos “novos buratos do cinto”.

Pois resulta que os cidadáns seremos os que teñamos que facernos cargo dunha parte importante das débedas da banca porque esta foi nacionalizada en boa medida ou, cando menos, o Estado ten accións suficientes para que as consecuencias sexan incalculables.



Esta mesma semana o goberno, co seu presidente á fronte, anunciou que ao longo deste ano haberá novas “medidas difíciles” que, seica, axudarán a facer medrar a economía e xerar emprego.

As verbas medrar e crear emprego levámolos escoitando tanto tempo que temos que dubidar a esta altura da súa veracidade. Os cidadáns non acabamos de vislumbrar cales son as posibilidades; todo o contrario, cada vez temos menos poder adquisitivo e visibilizamos que o noso futuro queda hipotecado. Están a gravar tanto en nós que o futuro parece dirixirse novamente á emigración, e iso, a moitos de nós, moléstanos porque nos fixeron crer que mediante unha cualificación técnica e científica axeitada poderíamos xerar riqueza na nosa terra. Riqueza somos quen de xerala, e outros estados que non investiron na nosa formación parece que son os que están a obter os beneficios. Polo tanto, reivindicamos ter posibilidades e oportunidades, polo que a asistencia financeira non debe ser aos bancos, senón ás persoas con inxerencias e ás pequenas e medianas empresas para que poidan desenvolver as súas potencialidades.

mente á emigración, e iso, a moitos de nós, moléstanos porque nos fixeron crer que mediante unha cualificación técnica e científica axeitada poderíamos xerar riqueza na nosa terra. Riqueza somos quen de xerala, e outros estados que non investiron na nosa formación parece que son os que están a obter os beneficios. Polo tanto, reivindicamos ter posibilidades e oportunidades, polo que a asistencia financeira non debe ser aos bancos, senón ás persoas con inxerencias e ás pequenas e medianas empresas para que poidan desenvolver as súas potencialidades.

O dereito de paso dos pescadores

Xavier Pazo Blanco, presidente da
Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’

Entre os dereitos máis importantes do pescador figura o dereito de paso polas beiras dos ríos, lagos, encoros e lagoas, establecido na Lei de Augas e o seus regulamentos, que contén 25 artigos sobre pesca e outros temas relacionados con ela. O pescador non só debe coñecer a Lei de Pesca e a Orde autonómica de pesca, senón tamén algúns dos seus dereitos básicos establecidos na Lei de Augas de 1985.

Constitúen o Dominio Público Hidráulico (D.P.H.), entre outros, os leitos das correntes naturais, continuas ou discontinuas, e os leitos dos lagos, lagoas e encoros superficiais nos leitos públicos (artigo 2 da Lei de Augas). Enténdese por leito todo o

terreo cuberto polas augas nas máximas crecidas ordinarias. O leito comprende o terreo situado por debaixo do nivel de augas baixas e o situado polas beiras, o que son as faixas laterais entre o nivel de augas baixas e o nivel de augas altas. A suma do leito e as dúas beiras forman o leito público. As beiras, en toda a súa extensión lonxitudinal, están sometidas, a unha zona de servidume de 5 metros de ancho para uso público (artigo 6 Lei de Augas). A finalidade das dúas zonas de servidume do leito son as seguintes (artigo 7 reg. D.P.H.):

1. Paso para servizo do persoal de vixilancia do leito do río.
2. Paso para o exercicio de actividades de pesca fluvial.
3. Paso para o salvamento de

persoas e bens.

4. Varado e amarre de embarcacións de forma ocasional e no caso de necesidade.

En definitiva, ningún pode prohibirnos o paso polas beiras do río e das distintas masas de augas, tanto se estamos pescando como se estamos simplemente ollando ou paseando. Atopámonos con intentos repetidos por parte de propietarios particulares, concellos e outras institucións para tratar de cerrar o paso pola beira dos ríos. Isto é ilegal e non se pode facer se non se cambia a Lei de Augas vixente. Polo tanto, sempre que coñecemos un atentado contra o paso pola zona de servidume, debemos denuncialo ante as autoridades pertinentes.

Xentes que merecen un recoñecemento

Xosé Núñez López

Xa queda dito nalgúns publicacións da miña autoría que son unha persoa cuxa esaxerada dose de morriña pola terra, e principalmente pola miña parroquia de Visantoña, nunca me deixou vivir en paz. Como xa non abonda con vivir en Galicia (como pensaba cando estaba fóra), non me quedou outra saída que subscribirme ao xornal Cerne para saber o que pasa na comarca.

Lendo o último número, detivenme nunha nova que ía acompañada da fotografía de tres persoas que me son coñecidas, dúas delas pertencentes á parroquia de Pezobre. Eran Juan José Antas Sesar e a súa dona M^a José. A terceira persoa chamábase M^a Eulalia e, aínda que nunca a tratei de cerca, si que teño referencias moi positivas sobre as súas cualidades humanitarias. Falando con xentes máis ou menos achegadas, puiden saber que na localidade de Barazón Pequeno existe unha casaña

propiedade de Eulalia Frade que estaba á venda. Juan José e a súa dona tiñan necesidade dunha vivenda cuxo prezo e condicións fosen accesibles á súa feble economía e tiveron a sorte de comunicarse cunha persoa de Visantoña que desinteresadamente, e vendo que se trataba de xente de ben pero sen recursos, intercedeu no asunto. Fíxoo de forma tan positiva que conseguiu poñer de acordo a vendedora e necesitados para que lles fora cedida a vivenda cunhas condicións de prezo e prazos axeitados á súa economía.

Penso que merecen ser felicitados Lali, Juan, María Xosé e tamén a persoa de Visantoña mediadora que, sen querer presumir de nada polo bo exemplo dado (en Visantoña todos sabemos quen é), demostrou que neste mundo materialista aínda quedan persoas que se acordan e axudan no que poden aos máis necesitados.

Por que a administración non usa software libre?

Rafael Rodríguez Gaioso,
enseñeiro informático e Presidente de Melisa

Diferentes factores levan a unha situación que vai en contra das leis actuais, as cales determinan a neutralidade da Administración ante o proveedor e deben garantir que calquera empresa poida concorrer ás licitacións públicas sen vulnerar os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrência. Sen embargo, seguen aparecendo licitacións públicas con nomes de marcas comerciais, fomentando a industria estranxeira en prexuízo da local. Desta forma favorecen ás grandes marcas e consultoras en lugar de facelo cos bos provedores.

Aínda existe moito descoñecemento e, sobre todo, moita información interesada por parte das grandes compañías, provocando que tanto técnicos coma políticos sigan apostando por nomes coñecidos en lugar de facelo polas pequenas empresas innovadoras. As grandes consultoras contan con suficientes recur-

sos para levar a cabo grandes eventos e os responsables técnicos prefiren non arriscar, xustificando a súa decisión en que elixiron unha empresa grande (que ademais fai uso da cifra de empregados para intimidar á Administración, aínda que despois subcontrate a unha empresa local).

Se os responsables políticos queren converter un gasto nunha inversión, deben facer unha aposta seria polo software libre como motor de cambio d a situación actual no uso da tecnoloxía. Aparte de cumprir a lei, axudarán a fomentar o emprego local, a mellorar a independencia tecnolóxica e a ofrecer mellores servizos aos cidadáns. Estremadura e Andalucía en España, e países coma Brasil, Ecuador ou Venezuela, apostaron polo software libre como unha cuestión de estado e agora mesmo teñen necesidade de profesionais para cubrir a demanda de traballo.

MERCEDES ABAD LEÓN, “EL DÁNDOLO” MODA

“Sempre lles digo aos clientes que vaian contentos e convencidos co que mercan”

Cando marchou para Suíza con vinte anos e comezou a traballar nun restaurante empredeu unha andaina no mundo dos negocios que xa non había abandonar. Co paso do tempo cambiou a hostalería pola tenda de roupa que hoxe rexenta pero sempre mantivo un mesmo criterio que para

Mercedes Abad é unha regra de ouro incuestionable: “a sinceridade co cliente resulta fundamental, non se pode enganar á xente”. Esa é a filosofía de “El Dándolo”, o comercio por excelencia en roupa de señora, “onde hai máis variedade e onde seguro atoparán prendas do seu estilo”.

-Que tipo de roupa pode atopar o cliente que acuda á súa tenda?

-O que máis traballo son as prendas de señora, tanto para festa como para diario, pero tamén temos roupa para cabaleiro e para xente máis nova. Aquí pódense atopar traxes, unha ampla variedade de camisas para vestir, pantalóns, xerseis de punto... hai un pouco de todo. Tamén teño marcas como Pierre Cardin ou Bandolli, pero non as traballo en exclusiva. Prefiro non pecharme a catro ou cinco firmas en concreto; por aquí pasan moitos viaxantes e escollo a roupa en función dos meus gustos e do que o cliente vaia demandando.

-Non só vende roupa, tamén fai arranxos.

-Si, fago todo tipo de arranxos de costura. Cando vendo unha prenda, todo o que haxa que facerlle para que quede perfecta, fáiselle. Sexa subir, baixar, meter, todo o que faga falta... en tempo de rebaixas cobrámoslos pero o resto do ano son gratuítos.

-Hai algo que distinga “El Dándolo” do resto de comercios de Melide?

-Na vila xa non queda moito onde vestir ás señoras e quizais por iso ultimamente acoden aquí, porque saben que é o sitio onde poden atopar prendas do seu estilo e onde máis variedade hai. Incluso veñen moitas rapazas novas que logo lle recomendan a tenda a súas nais ou ás avoas porque ven que hai roupa que lles pode acaer. Temos prendas que valen para ir a unha voda ou calquera outra celebración pero que tamén se poden poñer despois e iso é algo que a clienta valora moito.



Mercedes Abad leva 15 anos rexentando “El Dándolo”, na Rúa do Convento

-Con isto da crise económica, a xente cambiou a maneira de mercar?

-Depende do perfil do consumidor. No meu caso, que teño moita clientela fiel, tanto de Melide como de Sobrado, Présaras, Boimorto e toda esa zona... o cambio non se nota tanto. Son xente que saben o que veñen buscar e se encontran algo que lles gusta, non escatiman á hora de pagar. Pero logo si que é certo que cada vez abunda máis ese outro perfil de cliente que quere mercar o máis barato posible.

-Iso obriga a pensar en novas estratexias para vender?

-Non cambiou tanto a maneira de vender coma a porcentaxe de ganancia que lle podes sacar ao produto. Este ano

é cando realmente se está notando a crise en Melide. As cousas complicáronse para os que temos un negocio e resulta imposible seguir mantendo as mesmas marxes de beneficio ca antes porque se á xente lle parece caro, déixache a prenda na tenda. É o que ten a roupa, que non se trata dun artigo de primeira necesidade e dura moito tempo...

-Cal é a clave para ser boa vendedora?

-Eu creo que a sinceridade é fundamental; non se pode enganar á xente. Se a alguén lle queda unha prenda mal pero lle encanta, tampouco lle podes quitar a idea, pero se che pide consello e ves que non lle queda ben, hai que dicilo sen reparo. Sempre lles repito aos clientes que vaian convencidos

e contentos co que compran, que lles guste. É a frase na que máis insisto. Non se debe estar encima deles e empuxarlles a mercar; hai que saber captar o que necesitan, atendelos o mellor posible e ensinalles o que tes se cho piden. Outra cousa moi importante é poñerlles sempre boa cara.

-Iso como se consegue?

-Vaicho dando a experiencia. Eu levo traballando de cara ao público dende que teño 20 anos. É algo moi entretido; sempre tes alguén que che dá a lata un anaco, aínda que non compre, co que charlas, co que comentas cousas da familia... Cando casei fun para Suíza e xa alí estiven nun restaurante. Logo viñemos para aquí de volta e montamos un bar. E despois chegou este comercio

“Temos roupa para cabaleiro, señora e xente nova; tanto para festa como para poñer a diario”


“Se che piden consello e ves que a prenda senta mal, hai que dicilo sen ningún reparo”

de roupa, que leva aberto quince anos.

-Por que decidiu dar o salto do mundo da hostalería ao do téxtil?

-A hostalería imprime un ritmo de traballo moi alto. Se no comercio traballas 8 horas, na hostalería traballas de 15 para arriba. Isto é máis descansado e permíteche comer coa túa familia, ter un domingo pola tarde libre, facer moitas cousas que antes eran para min imposibles. Por outra parte, sigo tendo o contacto co cliente, que é algo que me gusta. De todos os xeitos, a xente é máis lista ca eramos antes: agora na hostalería meten persoal a traballar. Se han sacar máis, sacan menos, pero non renuncian a todo como se renunciaba noutros tempos.

A mellor **MOVIDA** está en **MELIDE**



C/. Emilia Pardo Bazán, 6
15800 Melide (A Coruña)